

3.2.

Estrutura produtiva

A economía galega acelera no último ano o seu dinamismo económico ao rexistrar unha taxa de variación interanual positiva do PIB a prezos de mercado, corrixidos de efectos estacionais, do 2,1% segundo os datos das contas económicas trimestrais do IGE. Como se mencionou no capítulo 1.2.- Cadro macroeconómico de Galicia, todos os sectores produtivos presentan taxas de variacións positivas, comportándose a industria manufacturera como o sector máis dinámico cunha medra do 4,6%, por diante da construción, que retoma as taxas positivas de crecemento, cun 3,7%. O valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector servizos crece un 2,0% e o das ramas primarias, un 1,4%.

Tendo en conta o ritmo de recuperación económica de Galicia e España, que rexistra unha medra do 3,2% no seu PIB segundo as contas trimestrais do INE, o peso relativo da economía galega no total estatal descende ata o 5,18%, tal e como se reflicte no **cadro 1.2.25. [Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2008-15]**.

En termos da contabilidade trimestral, o nú-

mero de postos de traballo equivalentes a tempo completo aumenta no último ano nun 1,9%, situándose o sector da construción como a rama produtiva con maior incremento, cun 2,8%, por diante dos servizos e da industria manufacturera, co 2,2% e 2%, respectivamente. En 2015 tan só nas ramas agrarias e pesqueira diminúe a ocupación, cun descenso do 1,6% (redúcese un 9,6% no ano anterior).

Como se analizará ao longo do presente apartado, entre os acontecementos máis significativos do ano 2015 cómpre mencionar a eliminación da cota láctea a partir de abril de 2015, a creación do Polo Industrial Ibérico por parte de PSA no ámbito da automoción, e a sentenza do Tribunal Xeral da UE de 17 de decembro de 2015 polo que se anula a decisión da Comisión Europea de 17 de xullo de 2013 na que se concluíu que o tax-lease era unha axuda incompatible co mercado interior comunitario.

Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario en Galicia debe ser considerado un pilar fundamental do desenvolvemento

PIB e emprego 2014-15: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2014	2015 (taxas de variación interanuais)	2014	2015
Total	0,4	2,1	0,0	1,9
Ramas agraria e pesqueira	2,3	1,4	-9,6	-1,6
Ramas industriais	-1,6	2,1	-1,0	1,7
Construción	-2,2	3,7	-1,2	2,8
Servizos	1,1	2,0	1,3	2,2
Impostos netos sobre os produtos	0,0	1,6		

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-03-2016)

(2) emprego equivalente a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2010

● 3.2.1.

mento de Galicia tendo en conta non só a súa relevancia dende un punto de vista económico, dado o potencial do rural na xeración de actividade e emprego, senón tamén dende un punto de vista social e medioambiental.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) medrou un 1,4% en relación ao ano anterior, nove décimas menos que en 2014 segundo os datos da contabilidade trimestral do IGE. Dende a perspectiva trimestral, ao longo de todo o ano 2015 mantéñense as taxas interanuais positivas acadando o incremento máis acusado no terceiro trimestre do ano, cunha medra do 2,5%.

En termos absolutos, os datos da Contabilidade rexional do INE (**cadro 3.2.2.**) indican que o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) descendeu ata os 2.559,9 millóns de euros, un 3,4% inferior ao contabilizado no ano precedente. Tendo en conta que o sector experimenta unha medra no conxunto do estado, o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total do Estado redúcese dende o 11,1% de 2014 ata o 10,4% no último ano.

Tras a devandita caída, a achega do sector primario ao valor engadido total da economía galega redúcese ata o 4,6%, tres déci-

mas menos que no ano anterior. Esta porcentaxe duplica ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2015 se sitúa no 2,28%.

Dende o punto de vista do emprego, o sector continúa co seu forte proceso de axuste. Tras un descenso de 7.600 persoas en relación ao ano anterior as ramas de actividade primaria e a industria de alimentación acolía no ano 2015 un total de 97.200 persoas ocupadas, o 9,6% da poboación ocupada nese ano. O descenso máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese na industria de alimentación, onde se estima que a ocupación descende en 5.200 persoas (13,4%) para situarse nas 33.500 persoas ocupadas. No caso das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza e silvicultura, tras unha redución do 7,1% (3.500 persoas), a ocupación estimada descende ata as 45.600 persoas. Por contra, a ocupación no subsector da pesca e acuicultura presenta un incremento de 1.100 persoas (6,5%) acadando os 18.700 ocupados. Asemade cómpre mencionar que a súa achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado foi do 8,6% no caso do sector primario e do 7,1% na industria.

No que atinxe á distribución xeral da terra, cómpre mencionar a aprobación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Coma se recolle no ditame 1/14 do CES, esta lei "es-


PIB e VEB das CC.AA. 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo ramas de actividade

	PIB	VEB									
		Total	Agricultura, gandería e pesca		Industria		Construción		Servizos		
			(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	
Andalucía	144.989,4	131.664,1	13,4	7.022,1	28,5	16.254,4	9,7	8.006,3	14,7	100.381,3	13,7
Aragón	33.793,5	30.687,7	3,1	1.768,1	7,2	7.069,6	4,2	1.802,5	3,3	20.047,6	2,7
Asturias	21.594,5	19.609,9	2,0	248,6	1,0	4.230,1	2,5	1.295,1	2,4	13.836,0	1,9
Baleares	27.546,0	25.014,3	2,5	87,5	0,4	1.704,0	1,0	1.442,1	2,7	21.780,7	3,0
Canarias	42.316,7	38.427,6	3,9	581,7	2,4	2.996,2	1,8	1.829,6	3,4	33.020,1	4,5
Cantabria	12.171,6	11.053,0	1,1	156,3	0,6	2.203,0	1,3	771,5	1,4	7.922,2	1,1
Castela e León	54.057,0	49.088,9	5,0	2.146,4	8,7	10.787,0	6,5	3.003,0	5,5	33.152,5	4,5
Castela-A Mancha	37.715,2	34.249,0	3,5	2.530,7	10,3	7.474,8	4,5	2.304,0	4,2	21.939,6	3,0
Cataluña	204.666,3	185.856,4	18,9	1.955,1	7,9	37.315,9	22,3	8.718,2	16,0	137.867,3	18,8
C. Valenciana	101.603,5	92.265,6	9,4	1.945,5	7,9	17.170,8	10,3	5.810,5	10,7	67.338,7	9,2
Extremadura	17.589,7	15.973,1	1,6	989,2	4,0	2.313,4	1,4	1.197,5	2,2	11.473,1	1,6
Galicia	55.701,1	50.581,9	5,2	2.559,9	10,4	9.771,4	5,8	3.449,5	6,3	34.801,1	4,7
Madrid	203.626,5	184.912,1	18,8	161,3	0,7	19.711,5	11,8	8.093,4	14,9	156.945,9	21,4
Murcia	27.733,3	25.184,4	2,6	1.184,3	4,8	4.547,5	2,7	1.507,3	2,8	17.945,3	2,4
Navarra	18.245,6	16.568,7	1,7	528,6	2,1	5.220,6	3,1	880,5	1,6	9.939,0	1,4
País Vasco	65.923,6	59.864,8	6,1	417,3	1,7	16.087,4	9,6	3.691,8	6,8	39.668,3	5,4
A Rioxa	7.974,2	7.241,3	0,7	387,8	1,6	2.183,9	1,3	412,6	0,8	4.257,1	0,6
Ceuta e Melilla	3.096,3	2.811,7	0,3	3,5	0,0	161,7	0,1	127,7	0,2	2.518,8	0,3
Total	1.080.343,8	981.054,6		24.674,0		167.203,0		54.343,0		734.834,6	

(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en millóns de euros; datos de primeira estimación (consulta: 01-04-2016)
Fonte: INE, Contabilidad regional de España. Base 2010

3.2.2.

VEB e emprego no sector primario 2009-2015 ⁽¹⁾



(1) VEB pm, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-03-2016)
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2010

3.2.3.

tablece cambios substanciais con respecto ás normas anteriores, que poden resultar positivos de cara a poñer en valor a superficie agraria de Galicia, entendendo incluídos na mesma os terreos forestais, tentando evitar o seu abandono e buscando novas for-

mas de reorganizar as parcelas e as infraestruturas rurais dun xeito máis racional, áxil, sostible e económico". Considérase tamén no mesmo ditame que se debería de harmonizar os criterios de reestruturación parcelaria cos de ordenación do territorio.

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2015

	Galicia		España		Galicia / España (%)
	(en ha.)	(% / total)	(en ha.)	(% / total)	
Superficie Agraria Útil	816.360	27,6	25.260.583	49,9	3,2
Superficie cultivada	372.000	12,6	16.984.656	33,6	2,2
Cereais gran	38.430	1,3	6.419.243	12,7	0,6
Leguminosas gran	802	0,0	386.587	0,8	0,2
Tubérculos consumo humano	13.249	0,4	55.702	0,1	23,8
Industriais	83	0,0	1.007.421	2,0	0,0
Forraxeiras	226.447	7,7	1.006.357	2,0	22,5
Hortalizas e flores	2.687	0,1	233.830	0,5	1,1
Barbeitos	19.710	0,7	2.743.368	5,4	0,7
Frutais cítricos	194	0,0	299.518	0,6	0,1
Frutais non cítricos	18.997	0,6	1.044.759	2,1	1,8
Viñedos	25.997	0,9	967.733	1,9	2,7
Olivares	18	0,0	2.605.252	5,1	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	44.718	0,1	-
Viveiros	636	0,0	21.182	0,0	3,0
Invernadoiros baleiros	50	0,0	35.919	0,1	0,1
Hortos familiares	24.699	0,8	113.066	0,2	21,8
Prados e pasteiros	444.360	15,0	8.275.928	16,4	5,4
Superficie forestal	1.821.248	61,6	19.112.316	37,8	9,5
Chopo	1.118	0,0	134.146	0,3	0,8
Coníferas	320.079	10,8	5.462.426	10,8	5,9
Frondosas crecemento lento	322.159	10,9	3.929.485	7,8	8,2
Frondosas crecemento rápido	278.972	9,4	692.538	1,4	40,3
Coníferas e frondosas	274.100	9,3	1.958.075	3,9	14,0
Matorral	624.820	21,1	6.935.645	13,7	9,0
Outras superficies	319.861	10,8	6.220.646	12,3	5,1
Erial	-	-	906.933	1,8	-
Espartizal	-	-	225.933	0,4	-
Baldío	51.027	1,7	949.644	1,9	5,4
Improdutivo	35.873	1,2	1.077.028	2,1	3,3
Non agrícola	215.136	7,3	2.434.754	4,8	8,8
Augas interiores	17.825	0,6	626.356	1,2	2,8
Superficie total	2.957.469	100	50.593.546	100	5,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.2.4.

No último ano continúa descendendo a superficie agraria útil (SAU), que se sitúa en 372.000 hectáreas fronte ás case 400.000 ha. do período 2007-09. Paralelamente aumenta a superficie dedicada a prados e pasteiros, manténdose practicamente constante a superficie forestal e outras superficies. En termos comparativos co conxunto do Estado, o **cadro 3.2.4.** reflicte a súa desigual distribución dado que a SAU representa en Galicia o 27,6% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 49,9%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importan-

cia relativa da superficie cultivada é do 12,6% en Galicia mentres que en España ascende ata o 33,6%.

Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 61,6% da superficie total galega, sendo esta porcentaxe do 37,8% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,5%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,2%).

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2014-15 ⁽¹⁾

	2014		2015		15/14	
	(en miles de tm.)	(%)	(en miles de tm.)	(%)	(%)	(en miles de tm.)
Andalucía	479,3	7,1	508,6	7,5	6,1	29,3
Aragón	127,9	1,9	137,4	2,0	7,4	9,5
Asturias	554,8	8,2	559,5	8,3	0,8	4,6
Baleares	55,8	0,8	55,0	0,8	-1,4	-0,8
Cantabria	444,9	6,6	447,4	6,6	0,6	2,5
Castela e León	832,1	12,3	866,3	12,8	4,1	34,2
Castela-A Mancha	238,0	3,5	254,3	3,8	6,8	16,3
Cataluña	676,1	10,0	713,5	10,5	5,5	37,4
C. Valenciana	63,0	0,9	67,4	1,0	7,0	4,4
Extremadura	27,7	0,4	28,5	0,4	3,1	0,9
Galicia	2.544,3	37,6	2.589,9	38,3	1,8	45,6
Madrid	51,6	0,8	56,0	0,8	8,5	4,4
Murcia	55,8	0,8	55,5	0,8	-0,4	-0,2
Navarra	217,8	3,2	240,6	3,6	10,5	22,8
País Vasco	167,0	2,5	172,7	2,6	3,4	5,8
A Ríoxa	16,5	0,2	16,8	0,2	1,7	0,3
Total	6.260,3	92,5	6.769,4	100,0	8,1	509,1

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais
Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.2.5.

● Subsector agrogandeiro

O elemento máis destacable do sector é a supresión do sistema de cotas en abril de 2015, co que culmina a progresiva liberalización do mercado lácteo iniciada no ano 2003. Xunto a este condicionante da evolución futura do subsector lácteo cómpre resaltar as mobilizacións realizadas a finais do ano debido á evolución dos prezos do leite e á falta de garantía de recollida da súa produción.

Dende o punto de vista produtivo, unha das características salientables deste subsector é a súa grande especialización gandeira. Neste senso, os usos da superficie agraria útil (SAU) mostran unha orientación cara á alimentación animal, destacando a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 60,9% da superficie cultivada e case o 28% da SAU, e a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,4% da SAU. Xunto á devandita especialización cómpre resaltar o minifundismo, que condiciona de xeito fundamental a viabilidade e rendibilidade das explotacións, o forte proceso de axuste do sector, o esforzo de moderniza-

ción e capitalización das explotacións e a forte caída do prezo do leite percibido polos produtores.

A produción de leite de vaca volve a incrementarse en Galicia na campaña 2014/2015, que rematou o 31 de marzo de 2015, ao rexistrarse unha medra do 1,8% en relación ao ano anterior (45,6 mil toneladas máis). O volume de leite producido ascende ata as 2.589,9 miles de toneladas, o que supón o 38,3% da produción total de leite do Estado español, e sitúa á Comunidade Autónoma entre as dez primeiras rexións lácteas da UE. A cota leiteira dispoñible na Comunidade Autónoma de Galicia foi de 2.336,8 miles de toneladas, o que representa o 37,5% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55,1% das explotacións con dereito a cota (11.978). Tras a redución do volume total de toneladas por explotación con cota, que na última campaña ascendeu a 195,1 de toneladas (286,9 de toneladas de media no conxunto do Estado), Galicia mantense como a C.A. con menor rateo cota/explotación, seguida de Asturias, con 227,7 toneladas de cota por explotación.

Cotas leiteiras dispoñibles nas CC.AA. na campaña 2014-15

	Cota leiteira	
	(nº explotacións)	(en tm.)
Andalucía	750	440.072,8
Aragón	91	89.288,5
Asturias	2.770	630.661,8
Baleares	210	83.833,8
Cantabria	1.810	466.735,9
Castela-A Mancha	272	185.557,7
Castela e León	2.050	800.185,2
Cataluña	777	583.567,5
C. Valenciana	30	42.165,6
Extremadura	109	30.134,1
Galicia	11.978	2.336.756,4
Madrid	78	66.906,9
Murcia	26	35.414,9
Navarra	238	203.500,5
País Vasco	525	226.371,9
A Ríoxa	15	13.826,4
Total	21.729	6.234.979,9
Galicia / España (%)	55,1	37,5

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

● **3.2.6.**

Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-15 ⁽¹⁾

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(en céntimos por litro)					
Galicia	28,90	31,00	30,10	34,90	35,10	28,80
España	30,30	32,30	31,80	35,30	36,20	31,00
Diferencial Galicia / España	-1,40	-1,30	-1,70	-0,40	-1,10	-2,20

(1) prezos medios ponderados sen impostos
Fonte: Consellería do Medio Rural.

● **3.2.7.**

O prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia redúcese de xeito moi significativo no ano 2015, aumentando o diferencial con respecto á media española. Como reflicte o **cadro 3.2.7.**, no último ano o seu prezo situouse en 28,8 céntimos de euro, lonxe do prezo acadado nos anos 2007 ou 2008 cando se superaba os 36,5 céntimos. En 2015 o prezo medio do leite en España descende ata os 31 céntimos por litro, polo que o diferencial coa media española ascendeu a 2,2 céntimos, o máis elevado dos últimos cinco anos.

A aposta pola calidade e a especialización é un dos principais vectores nos que sustentar a recuperación e fortalecemento do sector

agrogandeiro en Galicia. Neste senso, existen produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade nos ámbitos do viño, augardente e licores, carnes, queixos ou agricultura ecolóxica, entre outros.

No concernente á agricultura ecolóxica, entendida esta como un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo, a superficie inscrita en Galicia para a súa utilización medra de xeito moi importante en 2015, superando as 20.300 hectáreas, un 33,3% superior á rexistrada no ano anterior. Este incremento rexistrouse en todas as provincias galegas, sendo os máis acusados,

tanto en termos absolutos como relativos, os de Lugo, con 2.561,5 hectáreas máis (36,1%), e Ourense, con 2.074,7 hectáreas máis (34,5%). Tras esta evolución, Lugo acolle o 47,5% da superficie total e Ourense case o 40%. Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que máis da metade da superficie inscrita está dedicada a pastos e prados permanentes, con 10.941,6 hectáreas, seguido de terreo forestal con carga gandeira e/ou pecoreo (5.227,1 hectáreas) e terreo forestal e plantas silvestres (sen uso gandeiro) e o dedicado a castañas, con case 1.500 hectáreas cada actividade.

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2015 case un 7%, acadando os 33,3 millóns de euros. Os produtos lácteos foron os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, con 9,9 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas por riba de 4,1 millóns de euros.

● Subsector mar-industria

Os datos do Rexistro de Buques de Galicia indican que o número total de embarcacións inscritas a 31 de decembro de 2015 descende ata os 5.729 buques, un 0,8% menos que na mesma data do ano anterior (49 embarcacións), dos que 4.438 son buques de pesca extractiva e marisqueo (flota da 3ª lista) e 1.291 son buques pesqueiros e marisqueiros (flota da 4ª lista).

No que atinxe aos buques da 3ª lista, mantense a tendencia de moderado descenso no número de unidades ao rexistrarse unha caída das embarcacións do 1,5%. Ao igual que acontecía no ano anterior, esta baixada afecta tanto ás embarcacións do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, que acolle a 4.261 embarcacións, un 1,3% menos que o 31 de decembro de 2014, como aos caladoi-

ros internacionais, con 105 buques (7,1% menos que en 2014), e comunitarios, con 72 buques (un 5,3% inferior).

Dos devanditos 4.438 buques pesqueiros e marisqueiros rexistrados, o máis importante en canto a número de unidades é o segmento de frota de artes menores, con 3.932 embarcacións, e dentro deste colectivo, a arte con maior presenza é o marisqueo dende embarcación, que é a arte autorizada para o 65% das embarcacións de artes menores.

Con respecto aos buques auxiliares de pesca e de acuicultura, das 1.291 embarcacións rexistradas, a zona III-ría de Arousa concentra o 70,5% destas embarcacións, por diante de Coruña-Ferrol (zona VII) e Vigo (zona I), co 11,6% e 8,1%, respectivamente. Deste xeito, obsérvase como catro portos da ría de Arousa –A Illa de Arousa, O Grove, Cabo de Cruz-Boiro e Rianxo– concentran en torno ao 45% do conxunto da frota auxiliar de Galicia.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas presenta no ano 2015 un aumento do 5,8% na súa facturación a pesar do descenso da súa produción nun 3,7% en relación ao ano anterior. Tras esta evolución, o volume de produción acada os 180,3 miles de toneladas, ascendendo o seu valor ata os 457,4 millóns de euros. En ambos os dous casos, os peixes seguen a ser o grupo de especies máis importante, ao representar o 91,5% da produción e o 77,5% do valor total en primeira venda. A pesar desta importancia relativa, a súa produción descende un 4% e o seu valor, un 5,8% (**cadro 3.2.8.**).

A lonxa do porto de Vigo continúa sendo a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 103,4 millóns de euros, un 1,2% máis que no ano anterior. En termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.), a pesar dunha redución de case o 20%, é a

Actividade pesqueira e marisqueira 2014-15: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción			Valor		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Total	187.177.807	180.309.145	-3,7	432.341.132	457.426.414	5,8
Algas	69.001	450.217	552,5	60.926	304.447	399,7
Bivalvos	5.942.840	7.738.382	30,2	53.306.167	63.718.442	19,5
Cefalópodos	7.304.718	5.059.595	-30,7	24.515.783	18.936.982	-22,8
Crustáceos	954.178	977.477	2,4	16.279.942	16.344.596	0,4
Equinodermos	534.761	639.836	19,6	1.757.242	2.504.871	42,5
Gasterópodos	4.012	2.404	-40,1	9.989	8.242	-17,5
Peixes	172.003.449	165.048.581	-4,0	335.329.843	354.686.168	5,8
Poliquetos	4.661	-	-100,0	239.583	-	-100,0
Resto das descargas	360.187	392.656	9,0	841.656	922.665	9,6
A Coruña	100.387.076	95.837.982	-4,5	167.670.259	172.850.264	3,1
Algas	19.325	46.671	141,5	23.364	34.188	46,3
Bivalvos	2.724.888	4.109.415	50,8	22.866.452	29.372.638	28,5
Cefalópodos	4.410.682	2.493.978	-43,5	13.653.194	9.392.709	-31,2
Crustáceos	597.290	585.941	-1,9	9.684.829	9.201.901	-5,0
Equinodermos	271.627	303.523	11,7	776.869	991.442	27,6
Gasterópodos	15	501	3.355,2	15	1.318	8.987,8
Peixes	92.226.503	88.166.997	-4,4	120.271.451	123.653.038	2,8
Poliquetos	3.183	-	-100,0	197.201	-	-100,0
Resto das descargas	133.564	130.957	-2,0	196.885	203.031	3,1
Lugo	42.880.570	40.749.494	-5,0	112.946.882	127.081.283	12,5
Algas	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	13.097	6.547	-50,0	27.845	20.597	-26,0
Cefalópodos	330.363	341.823	3,5	1.375.694	1.348.945	-1,9
Crustáceos	38.305	50.615	32,1	653.447	800.722	22,5
Equinodermos	10.577	18.579	75,7	39.890	72.772	82,4
Gasterópodos	1.703	1.354	-20,5	2.695	2.816	4,5
Peixes	42.280.586	40.154.848	-5,0	110.251.980	124.269.633	12,7
Poliquetos	28	-	-100,0	691	-	-100,0
Resto das descargas	205.911	175.728	-14,7	594.639	565.798	-4,9
Pontevedra	43.910.161	43.721.669	-0,4	151.723.990	157.494.867	3,8
Algas	49.676	403.546	712,4	37.562	270.258	619,5
Bivalvos	3.204.855	3.622.420	13,0	30.411.870	34.325.207	12,9
Cefalópodos	2.563.673	2.223.793	-13,3	9.486.896	8.195.329	-13,6
Crustáceos	318.583	340.921	7,0	5.941.665	6.341.974	6,7
Equinodermos	252.557	317.734	25,8	940.483	1.440.658	53,2
Gasterópodos	2.295	548	-76,1	7.279	4.108	-43,6
Peixes	37.496.360	36.726.737	-2,1	104.806.412	106.763.497	1,9
Poliquetos	1.450	-	-100,0	41.691	-	-100,0
Resto das descargas	20.712	85.971	315,1	50.132	153.836	206,9

Fonte: Consellería do Mar, *Plataforma tecnolóxica da pesca*.

3.2.8.

que máis tonelaxe rexistra, con 39,7 miles de toneladas no ano 2015, seguida da lonxa de Vigo, con 32,1 miles de toneladas. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, a lonxa do porto de Vigo acolle o 22,6% do valor total (17,8% da produción) e a de A Coruña representa o 22% da produción (17,1% do valor total). As diferenzas de valor das especies vendidas nas lonxas de Vigo e A Coruña (Lonxa Coruña, S.A.) explican este maior valor xerado na lonxa de Vigo malia

o maior volume negociado na lonxa de A Coruña.

O subsector acuícola en Galicia no ano 2014 (último dato dispoñible) presenta un bo comportamento ao experimentar tanto un incremento do emprego como do valor da súa facturación. No que á ocupación se refire, o sector acolle un total de 15.901 empregos (3.757 unidades de traballo anual-UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimen-

Actividade pesqueira e marisqueira 2014-15: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Producción			Valor		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Vigo	33.997.546	32.137.028	-5,5	102.148.763	103.358.953	1,2
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	49.365.455	39.650.200	-19,7	82.038.049	78.233.764	-4,6
Burela	25.228.063	24.790.762	-1,7	66.724.039	74.590.638	11,8
Celeiro	17.626.945	15.940.191	-9,6	46.065.034	52.337.003	13,6
Ribeira	29.637.765	27.708.467	-6,5	34.731.351	32.953.919	-5,1
Noia	991.677	2.237.489	125,6	7.538.340	12.681.504	68,2
Portosín	5.834.775	9.986.618	71,2	3.774.405	7.867.190	108,4
Cedeira	2.289.695	1.556.959	-32,0	8.912.653	7.436.373	-16,6
O Grove	803.273	761.754	-5,2	7.335.730	7.275.319	-0,8
Carril	439.557	822.934	87,2	3.770.699	6.948.981	84,3
Cambados	1.654.908	1.840.443	11,2	6.696.598	6.586.340	-1,6
A Illa de Arousa	558.031	719.497	28,9	6.272.473	6.037.368	-3,7
Camariñas	2.801.944	5.281.661	88,5	2.982.884	5.174.266	73,5
Malpica	2.145.971	3.713.497	73,0	2.828.121	4.579.434	61,9
Muros	3.847.324	1.788.825	-53,5	5.489.523	3.554.112	-35,3
Vilanova	286.578	364.938	27,3	2.806.133	3.512.979	25,2
Cangas	331.991	584.789	76,1	2.814.681	3.305.619	17,4
Campelo	292.389	333.972	14,2	2.667.923	3.119.171	16,9
Marín	1.207.347	1.221.071	1,1	3.196.982	3.083.798	-3,5
Rianxo	288.701	321.066	11,2	2.274.214	2.873.699	26,4

Fonte: Consellería do Mar, *Plataforma tecnolóxica da pesca*

3.2.9.

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2014 ⁽¹⁾

	Nº de empresas	Asalariados		Non asalariados		Total	
		(UTA) (2)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Andalucía	90	562	780	25	40	587	820
Aragón	5	44	58	-	-	44	58
Asturias	14	42	60	7	17	49	77
Baleares	9	97	134	5	11	102	145
Canarias	16	185	222	3	6	188	228
Cantabria	10	56	62	17	35	73	97
Castela-A Mancha	16	45	56	1	1	46	57
Castela e León	15	141	148	5	6	146	154
Cataluña	76	213	1.114	49	146	262	1.260
C. Valenciana	24	298	473	2	3	300	476
Extremadura	66	31	92	2	10	34	102
Galicia	42	1.632	4.951	2.125	10.950	3.757	15.901
Madrid	9	-	-	-	-	-	-
Murcia	10	301	469	-	-	301	469
Navarra	3	13	20	1	1	14	21
Pais Vasco	4	12	15	-	-	12	15
A Ríoxa	3	32	33	-	-	32	33
Total	412	3.704	8.687	2.242	11.226	5.947	19.913

(1) Ágás as de cultivo de mexilón en bateas e os parques de cultivo de Galicia

(2) UTA: unidades de traballo anual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.2.10.

Valor da produción acuícola en Galicia 2013-14: distribución segundo destino xeográfico

	2013			2014		
	Total	Fases 1,2,3,5 (en miles de euros)	Fase 4	Total	Fases 1,2,3,5 (en miles de euros)	Fase 4
Total	171.341,0	11.713,4	159.627,5	201.774,4	22.555,5	179.218,9
Misma Comunidade Autónoma	103.909,9	3.385,3	100.524,6	133.884,7	13.609,0	120.275,7
Distinta Comunidade Autónoma	24.376,8	734,4	23.642,4	25.481,3	1.181,3	24.299,9
Outro país da Unión Europea	34.730,5	6.034,2	28.696,3	29.779,7	3.346,9	26.432,8
Terceiros países	8.323,8	1.559,6	6.764,2	12.628,7	4.418,2	8.210,5

(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual
Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio ambiente. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

● **3.2.11.**

Axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2015

			Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE					(%)
FEAGA (1)	<i>ejercicio 2015 (acumulado maio)</i>		154,6	5.016,4	3,08
Axudas acopladas á gandería bovina		(en millóns de euros)	19,3	236,7	8,15
FEADER (2)+ importe nacional	<i>ejercicio 2014 (16/10/13 ao 15/10/14)</i>		121,4	1.492,5	8,13
Dereitos de pago único					
Beneficiarios			36.004	865.649	4,16
Dereitos			446.786	17.120.911	2,61
Importe total dos dereitos	<i>2014 (actualización a xuño de 2015)</i>	(en millóns de euros)	115,4	4.473,9	2,58
Valor medio segundo dereito		(en euros)	258,2	261,3	
Valor medio segundo beneficiario			3.205,0	5.168,0	

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Análisis y prospectiva en medio ambiente, agricultura, pesca, alimentación y desarrollo rural*

● **3.2.12.**

tación e Medio Ambiente, case o 80% do emprego do sector a nivel estatal e o 63,2% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.260 persoas empregadas.

O valor da produción acuícola aumentou un 17,8%, para situarse en 2014 nos 201,8 millóns de euros. As dúas terceiras partes deste importe xérase na propia Comunidade Autónoma, seguido do valor xerado cos produtos dirixidos á UE, cun 14,8%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar o importante incremento do peso relativo do mercado galego (5,7 puntos) así como o descenso do destino no mercado europeo (agás España) e no resto do Estado (5,5 e 1,6 puntos menos).

● **Axudas comunitarias**

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2015 descenden ata os 154,6 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) manténdose en torno a 121 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA e o 8,2% no caso do FEADER (**cadro 3.2.12.**).

O número total de beneficiarios dos dereitos de pago único mantense practicamente constante no último ano, acadando un total de 36.004 beneficiarios, o 4,2% do total es-

total. O valor medio dos dereitos de pago único por beneficiario en Galicia sitúase en 3.205 euros, un 38% inferior á media no Estado (5.168 euros).

En canto aos pagos certificados e remitidos á Comisión no ano 2015 correspondentes ao Fondo Europeo de Pesca no período de programación 2007-13, o gasto público total (Fondo Europeo de Pesca, axudas estatais e das Comunidades Autónomas, e outras axudas europeas) ascendeu en Galicia a 44,6 millóns de euros, o que supón máis da metade do total estatal (52,2%).

● Comercio exterior de produtos alimenticios

O valor total das exportacións de produtos agroalimentarios experimenta no ano 2015 unha intensa medra (8,3% en relación ao ano anterior) para situarse nos 2.416,4 millóns de euros, o que supón o 6,6% do total estatal. Entre os diferentes produtos sobresaí a importancia relativa do peixe e marisco, que representa máis do 70% das vendas galegas fóra de España (1.700,4 millóns de euros), seguido polos produtos cárnicos, co 7,4% (178,4 millóns).

As importacións presentan un maior dinamismo que as exportacións en termos de valor, acadando no último ano un total de 2.773 millóns de euros (13,6% máis que no ano precedente), o que supón o 9,4% do valor total das compras españolas de produtos agroalimentarios. Ao igual que no caso das exportacións, os produtos máis importantes corresponden ao peixe e marisco, que supoñen o 73,8% (2.046,9 millóns de euros) das compras galegas, seguido neste caso polo sector de panadería e outros, co 10,4% (289,7 millóns).

Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre destacar a importancia do subsector de conservas de peixe e marisco, que significa case o 72% das exportacións e o 53,6%

das importacións destes produtos; o peixe conxelado, que supón o 58% das exportacións e o 51,5% das importacións; e o leite, que representa máis do 36% das exportacións e case o 41% das compras a terceiros países.


Sector industrial

Os datos da Contabilidade trimestral de Galicia (IGE) reflicten que o conxunto do sector industrial, incluída a enerxía, tras a importante contracción experimentada en 2014, presentou no último ano unha forte expansión da súa actividade rexistrando unha taxa de variación interanual positiva do 2,1%. Dentro deste sector, cómpre resaltar o incremento da industria manufacturera, que se comporta como o subsector máis dinámico cunha medra do 4,6%. Este incremento do VEB da industria [*cadro 1.2.2. PIB 2014-15: distribución segundo as súas compoñentes*] rexístrase nos tres últimos trimestres do ano, presentando o conxunto das ramas industriais crecementos superiores ao 3% no segundo semestre do ano, sendo superiores no caso da industria manufacturera (5,1% no terceiro trimestre e 7,5% no cuarto trimestre de 2015).

O valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2015 ata os 9.771,4 millóns de euros segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade rexional de España, o que representa o 5,8% do total estatal. Esta porcentaxe mantén a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso, por detrás de Cataluña (22,3%), Madrid (11,8%), a Comunidade Valenciana (10,3%), Andalucía (9,7%), o País Vasco (9,6%) e Castela e León (6,5%).

O sector industrial achega o 17,5% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo o 13,3% no caso da industria manufacturera. Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado onde o sector industrial (incluída a

VEB e emprego na industria 2009-2015 (1)



(1) VEB pm, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-03-2016)
 Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*. Base 2010

3.2.13.

Índice de produción industrial de Galicia e España 2015

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		15/14	Interanual diciembre		15/14	Interanual diciembre
		(1)	(2)		(1)	(2)
		(%)			(%)	
Xeral	84,2	4,1	4,6	88,6	3,2	2,9
Bens de consumo	88,1	2,3	0,9	89,8	1,3	1,7
B. consumo duradeiro	65,2	8,7	-3,5	62,5	3,1	-0,8
B. consumo non duradeiro	89,9	2,0	1,2	93,0	1,1	1,9
Bens de equipamento	68,2	8,8	19,2	95,6	7,0	7,1
Bens intermedios	83,2	7,4	17,3	81,5	4,0	6,3
Energía	108,6	-2,5	-14,9	91,3	0,7	-4,4

(1) variación interanual no mes de decembro

(2) variación no conxunto do 2015 en relación ao mesmo período do ano anterior

Fonte: INE, *Índice de produción industrial*

3.2.14.


enerxía) representa o 15,5% do PIB e a industria manufacturera, o 12,1%.

O mencionado dinamismo do sector industrial reflíctese na evolución do índice de produción industrial (IPRI), que é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. Como se reflicte no **cadro 3.2.14.**, este indicador presenta en 2015 unha medra do 4,1%, o valor máis elevado dende o comezo da crise, si-

tuándose case un punto por riba do rexistrado no conxunto do Estado (3,2%).

Atendendo ao destino económico dos bens, no último ano todos os subsectores rexistraron en Galicia un incremento agás no caso das actividades enerxéticas (-2,5%). Dunha banda, os bens de equipo presentaron a medra máis acusada, cun 8,8% en relación ao ano anterior, seguido polos bens de consumo duradeiro, cun 8,7%, e os bens intermedios, cun incremento de 7,4%. Doutra banda, ao igual que no ano anterior, no conxunto do Estado

Índice de producción industrial en Galicia e España 2009-15



Fonte: INE, Índice de producción industrial

3.2.15.

Índice de producción industrial 2015: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións 15/14		Variacións interanuais decembro	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	4,1	3,2	4,6	2,9
B Industrias extractivas	10,9	-8,3	-11,1	-18,4
08 Outras industrias extractivas	10,9	0,1	-11,1	-7,3
C Industria manufacturera	6,1	3,9	12,7	5,0
10 Industria da alimentación	3,2	1,0	1,2	4,4
11 Fabricación de bebidas	8,4	-0,6	8,1	-5,1
13 Industria téxtil	15,9	5,3	53,8	7,8
14 Confección de roupa de vestir	-8,7	-6,7	-5,2	4,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	-5,1	3,3	30,4	6,2
17 Industria do papel	*	2,4	*	1,3
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	6,5	*	8,2
19 Coquerías e refinación de petróleo	6,2	4,1	4,6	3,7
20 Industria química	10,8	6,1	9,9	8,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,2	-0,1	11,6	-0,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4,7	6,0	33,1	6,0
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-10,0	3,4	-8,6	7,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	16,2	1,0	7,1	-7,6
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	14,9	-3,4	23,9	-3,2
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	9,1	5,7	-3,6	2,0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4,4	4,8	1,5	0,5
30 Fabricación doutro material de transporte	-4,0	0,2	-17,0	-4,1
31 Fabricación de mobles	-4,0	0,2	-17,0	-4,1
32 Outras industrias manufactureiras	-4,5	5,1	5,8	11,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,1	-2,4	-4,6	-3,9
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,1	-2,4	-4,6	-3,9

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

Fonte: IGE, Índice de producción industrial

3.2.16.

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2013-15 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA
2013						
I	-44,3	-47,3	100,0	-46,7	-50,1	100,0
II	-51,0	-43,8	98,9	-47,0	-38,7	103,6
III	-38,4	-33,4	106,4	-35,5	-33,1	109,3
IV	-20,5	-26,0	114,6	-28,5	-28,8	113,0
2014						
I	-27,9	-31,9	110,3	-25,8	-28,7	113,9
II	-29,8	-17,5	114,3	-26,3	-14,8	118,3
III	-19,8	-11,0	119,7	-15,4	-11,7	123,0
IV	-12,9	-16,6	120,1	-13,7	-12,8	123,2
2015						
I	-22,7	-24,9	114,3	-11,7	-14,9	123,2
II	-19	-7,9	120,9	-11,6	0,1	128,1
III	-2,7	-0,8	128,6	-1,9	-0,4	131,2
IV	-1,9	-6,2	127,1	-0,3	-1,3	131,4

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEA = Índice de Confianza Empresarial Armonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.2.17.

descenden tanto os bens enerxéticos como os bens de consumo duradeiro.


O IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufactureira galega presenta no último ano unha medra do 6,1% respecto ao ano anterior (3,9% no conxunto do Estado). Como se reflicte no **cadro 3.2.16.**, salientan os incrementos rexistrados nas ramas de actividades de fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipamento (16,2%); industria téxtil (15,9%); e equipamento eléctrico (14,9%). Pola contra, a industria de confección de roupa de vestir, é a que presenta os maiores descensos (-8,7%) por diante da industria madeira e cortiza (-5,1%).

En termos de emprego industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de cada ano reflicten que en 2015 ráchase a tendencia descendente rexistrada dende o comezo da crise económica. O sector industrial en Galicia tiña no último ano

un total de 133.164 afiliacións, 2.039 máis que na mesma data de 2014. O devandito incremento ven explicado en gran parte pola evolución das afiliacións nas ramas de Reparación e instalación de maquinaria e equipamento e da Industria de alimentación, con incrementos superiores ás 650 afiliacións, ou das actividades de fabricación de produtos metálicos (agás maquinaria e equipamento), con case 450 afiliacións máis que no ano anterior. Por contra, e ao igual que no ano anterior, as maiores reducións prodúcense no caso da fabricación de vehículos de motor (-217 afiliacións) e nas de confección de roupa de vestir (-140 afiliacións).

No que atinxe ao indicador de confianza empresarial, que amosa a percepción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades, o Índice Galego de Confianza Empresarial (**cadro 3.2.17.**) indica que as expectativas dos empresarios sobre o trimestre entrante seguen a ser des-

Índice de confianza empresarial armonizado (ICEA) 2012-15



ICEA = Índice de Confianza Empresarial Armonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.2.18.

Vendas de produtos da industria manufacteireira 2014: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor		
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)
Alimentación, bebidas e tabaco	6.572.137	25,8	7,9
Textil e confección	1.277.027	5,0	18,5
Coiro e calzado	148.166	0,6	4,7
Madeira e cortiza	713.431	2,8	19,5
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	454.988	1,8	3,1
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	2.876.054	11,3	3,8
Manufacturas de caucho e plástico	644.130	2,5	4,4
Produtos minerais non metálicos	567.703	2,2	5,1
Producción, 1º transformación e fundición de metais	1.896.777	7,4	7,7
Produtos metálicos	1.045.235	4,1	4,9
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	457.234	1,8	3,7
Maquinaria e equipo	570.594	2,2	4,0
Material de transporte	5.774.347	22,6	10,8
Mobles e outras industrias manufacteiras	337.298	1,3	5,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	701.971	2,8	7,6
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.468.760	5,8	8,6

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.2.19.


favorables e máis negativas que no conxunto do Estado, se ben son mellores que as valoracións obtidas nos mesmos trimestres do ano anterior. Este índice, elaborado en base ao Directorio de empresas do IGE, permite coñecer a opinión dos responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empresarial.

O índice de confianza empresarial harmoni-

zado (ICEH) reflicte, tanto a nivel galego como estatal, melloras ao longo de 2015 en relación aos valores rexistrados nos mesmos trimestres dos dous anos anteriores. Como se aprecia no **cadro 3.2.18.**, Galicia mantén un ICEH inferior ao de España ao longo de todo o período 2014-2015.

No que atinxe ás vendas da produción da industria manufacteireira galega, **cadro 3.2.19.**, estas medraron no ano 2014 (último dispoñible) un 3,1% respecto ao ano

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2007-15



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.2.20.

anterior, acadando un valor de 25.505,9 millóns de euros, o 6,9% do total estatal. Ao igual que no ano anterior, as agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia corresponden ás actividades de alimentación, bebidas e tabaco (25,8% do total), material de transporte (22,6%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (11,3%).

Polo seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 19,5% e 18,5% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Séguenlle as actividades de material de transporte, que supoñen o 10,8% das vendas totais estatais desta agrupación.

Antes de analizar os tres subsectores considerados estratéxicos na economía galega (enerxético, automoción e naval), cómpre sinalar a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais. Ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade en España sitúase por riba da media europea reducíndose o diferencial a medida que o rango de consumo é superior. Así, en consumos inferiores a 20 megavatios hora, o prezo na UE (excluído impostos) representa

no segundo semestre de 2015 o 57,4% do prezo en España, situándose esta porcentaxe en torno ao 80% no caso de consumos entre 20 e 2.000 megavatios, ou preto do 90% no caso dos consumos superiores a 20.000 megavatios.

• Subsector enerxético

Os datos de produción de enerxía eléctrica non están dispoñibles no momento de peche do presente documento, polo que no se pode analizar a evolución dos distintos métodos de produción eléctrica no último ano.

No concernente á evolución anual da enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeneración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un incremento tanto da enerxía vendida como da potencia instalada. No primeiro caso, no ano 2015 vendéronse un total de 13.098 xigavatios, un 0,8% máis que no exercicio precedente, o que contrasta co descenso do 3,1% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, Galicia sitúase como a terceira comunidade con maior enerxía vendida (13,3% do total estatal) tras Andalucía e Castela e León (16,9% e 14,9%, respectivamente).

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2014-15

2014

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
	(en tm.)			
Galicia	2.556.315	240.865	1.847.552	467.898
A Coruña	1.014.419	98.195	711.340	204.884
Lugo	562.371	28.049	312.565	221.757
Ourense	315.296	28.344	264.997	21.955
Pontevedra	664.230	86.278	558.651	19.301
España	33.262.018	4.612.920	26.549.392	2.099.706
Galicia/España (%)	7,7	5,2	7,0	22,3

2015

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
	(en tm.)			
Galicia	2.485.629	240.626	1.868.813	376.191
A Coruña	1.105.131	98.311	717.794	289.026
Lugo	399.084	28.370	325.659	45.054
Ourense	315.783	27.982	262.084	25.718
Pontevedra	665.631	85.963	563.275	16.393
España	34.273.225	4.645.952	27.527.222	2.100.051
Galicia/España (%)	7,3	5,2	6,8	17,9

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

● 3.2.21.

Doutra banda, a potencia instalada ascende ata os 4.567 megavatios, un 0,1% máis que no ano anterior, o que representa o 11,3% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia ocuparía o cuarto lugar por detrás de Castela e León, Andalucía e Castela-A Mancha.

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, case o 65% da enerxía vendida (8.481 xigavatios) corresponde á eólica mentres que a coxeneración representa case o 20% (2.609 xigavatios). Estas dous fontes enerxéticas tamén son as máis relevantes no conxunto do Estado, se ben a súa importancia relativa é do 48,7% no caso da eólica e do 23,5% no da coxeneración.


No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, no ano 2015 continúa a súa tendencia descendente de anos anteriores. Neste senso, e a diferenza do que aconteceu no Estado, a demanda de produtos petrolíferos experimentou unha diminución do 2,8% respecto ao ano anterior (medra un 3% en España), acadando as 2.485,6 miles de toneladas

métricas, o que representa o 7,3% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.21.**, o devandito descenso prodúcese, case na súa totalidade, no consumo de fuel óleos (-19,6%), manténdose relativamente estable o de gasolinas (0,1% menos) mentres que incrementa un 1,2% o dos gasóleos.

Os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 75,2% do consumo total en Galicia (máis do 80% en España), sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo do 15,1%, nove puntos superior ao do Estado, e do 9,7% no caso das gasolinas (13,6%).

● Industria da automoción

No eido da industria do automóbil galega cómpre mencionar que tras a adxudicación da fabricación do modelo K9 á planta de PSA Peugeot Citroën de Vigo en decembro de 2014, a partir do 1 de febreiro de 2015 os centros de produción de Vigo, Madrid e Mangualde (Portugal) agrúpanse no denominado Polo Industrial Península Ibérica para reforzar a súa competitividade.

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-15 ⁽¹⁾

(1) facturación en millóns de euros
 Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

● 3.2.22.

Segundo os datos facilitados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA), as empresas que compoñen o clúster de automoción facturaron en 2015 un total de 8.200 millóns de euros, un 7,9% máis que no ano anterior, o que representa a cifra máis elevada dende o comezo da crise. Neste último ano o 71,3% do total facturado (5.850 millóns de euros) procede da exportación (72,6% no exercicio anterior).

No que atinxe ao emprego, as 106 empresas membros do cluster contaban a 31 de decembro de 2015 cun total de 19.100 empregos directos, case mil persoas máis que no ano anterior (5,2%), o que supón en torno ao 12% do emprego industrial en Galicia.

A produción de vehículos en Galicia supón en 2015 o 14,9% da produción estatal, porcentaxe que sitúa á factoría de Vigo PSA Peugeot Citroën na segunda planta con maior produción de España tras Seat Martorell (17,5%).

Xunto á produción de automóviles, a análise da automoción debe completarse coa consideración das empresas dedicadas á produción de vehículos especiais (militares, antiincendios, vehículos industriais, forestais, etc). Estas empresas, cunha forte vinculación a Galicia e que dan emprego a máis

de 2.000 persoas, facturan en torno a 500 millóns de euros e destinan máis do 70% da súa produción a terceiros países.



Finalmente, as matriculacións de turismos ascenderon en Galicia a 39.048 vehículos segundo datos da Asociación Española de Fabricantes de Automóviles y Carrocerías (ANFAC), o que representa o 3,8% do total estatal en 2015. En relación ao ano anterior, o incremento do 12% rexistrado en Galicia a sitúa novamente como a segunda Comunidade Autónoma con menor incremento, por diante de Ceuta e Melilla, co 9,3%. O bo comportamento do sector reflíctese tamén no intenso crecemento tanto das matriculacións de vehículos industriais, que tras unha medra do 52,4% acadan os 1.149 vehículos (o 5,1% do total estatal), como no caso dos autobuses, con 250 matriculacións (un 35,9% superior ao de 2014), o que representa o 9% do Estado.

● Industria naval


O aspecto máis salientable do sector naval en Galicia é a sentenza do Tribunal Xeral da UE de 17 de decembro de 2015 polo que se anula a decisión da Comisión Europea de 17 de xullo de 2013 na que se concluíu que o tax-lease era unha axuda incompatible co mercado interior comunitario. Ademais supón tamén a anulación da orde de recu-

Construcción naval nos asteleiros galegos 2008-15: actividade contractual e actividade produtiva

Actividade contractual



Actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Construcción naval. Boletín informativo trimestral


3.2.23.

peración do investido polas empresas neste tipo de infraestruturas.

Galicia recupera parte do terreo perdido en compración co resto das CC.AA. aínda que se mantén un ano máis no terceiro posto en canto ao número de novos contratos, por detrás do País Vasco e Asturias, e por detrás de País Vasco no concernente á carteira de pedimentos. Dunha banda, os estaleiros galegos pecharon o ano 2015

sumando un total de 12 novos contratos, o que supón a cifra máis alta dende o ano 2008, fronte aos 18 do País Vasco e os 13 de Asturias. Doutra banda, a carteira de pedidos dos estaleiros galegos ascende considerablemente no último ano ao acadar un total de 19 buques, dez máis que en 2014, o que representa o 29,2% do total estatal, preto xa dos 23 rexistrados no País Vasco (acolle o 35,4%), ascendendo en Asturias ata os 19.

VEB e emprego na construción 2008-2015 (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 09-03-2016)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2010

3.2.24.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte que o arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos superou no último ano as 39.000 CGT, por detrás do rexistrado no País Vasco, con case 72.200 CGT. En relación ao total estatal, Galicia representa o 22% do arqueo bruto fronte ao 40% no País Vasco, e superando neste último ano a Asturias, co 21%.

Construción

O sector da construción retoma no último ano as taxas de variación positivas perdidas en 2008 coa crise financeira e o estralo da burbulla inmobiliaria. Esta rama de actividade medra de media un 3,7% en relación ao ano anterior, o ritmo máis elevado dende o ano 2006, mantendo taxas interanuais superiores ao 3% ao longo dos catro trimestres, rexistrando os incrementos máis acusados no segundo semestre do ano.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade mantén o seu peso relativo no 6,35% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada

no conxunto do Estado segundo os datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional do INE (6,19% en Galicia e 5,03% de media en España, respectivamente).

A recuperación do sector ten un reflexo directo no mercado de traballo, que presenta unha medra de emprego tanto en termos de traballo equivalente a tempo completo como de ocupación estimada. As contas económicas reflicten un incremento do 2,8% do traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa nas 70.327 persoas, sendo este nivel un 50,1% inferior ao ano previo á crise (70.534 empregos menos) e case un 38% en relación ao ano 2000 (42.681 empregos menos). Os datos da EPA estiman no último ano un crecemento do 9,7% en relación ao ano precedente (6.700 ocupados máis), acadando as 73.600 persoas. Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso relativo do emprego do sector sitúase lixeiramente por riba do 7% tanto se se mide en termos do traballo equivalente a tempo completo como da ocupación estimada pola EPA.

O valor da licitación pública de todas as administracións volve a aumentar de xeito considerable en Galicia por segundo ano consecutivo. Tras unha medra de case o 24% en 2015 o importe das licitacións ascendeu a

Licitación pública 2014-15: distribución segundo administración e tipo de obra

2014						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	517,23	143,56	218,43	207,62	671,60	879,22
A Coruña	256,01	63,53	113,47	86,90	346,10	433,01
Lugo	6,80	20,07	35,96	26,47	36,37	62,83
Ourense	11,89	12,05	14,89	16,48	22,35	38,83
Pontevedra	232,25	47,91	54,11	77,71	256,57	334,28
Sen rexionalizar	10,27	-	-	0,07	10,21	10,27

2015						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	741,06	185,08	162,81	191,83	897,12	1.088,94
A Coruña	377,89	37,32	78,03	69,96	423,28	493,24
Lugo	142,96	24,69	24,79	26,71	165,73	192,44
Ourense	14,27	15,09	8,88	11,22	27,02	38,24
Pontevedra	194,12	107,98	51,11	83,90	269,31	353,21
Sen rexionalizar	11,82	-	-	0,03	11,79	11,82

Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.2.25.

1.088,9 millóns de euros, o que representa o 10,8% da licitación no conxunto do Estado (6,7% no exercicio precedente). Como indica o **cadro 3.2.25.**, este incremento explícase, ao igual que no ano anterior, pola medra da licitación pública en obra civil, que tras un incremento do 33,6% se sitúa nos 897,1 millóns de euros. Por contra, a licitación pública en edificación descende un 7,6% para acadar os 191,8 millóns.

A licitación pública da Administración Xeral do Estado (AXE) en Galicia medrou por riba do 43% no ano 2015, ascendendo o seu valor total a 741,1 millóns de euros (223,8 millóns máis). De xeito similar compórtase a licitación pública da Administración Autonómica, que rexistra un incremento de case o 29% respecto ao ano anterior (41,5 millóns de euros), para situarse en 185,1 millóns. Por contra, o valor da licitación pública da Administración Local descende ata os 162,8 millóns de euros, un 25,5% inferior ao ano anterior (55,6 millóns de euros).

Tras esta evolución, máis do 68% do valor total da licitación pública realizada en Galicia no último ano corresponde á Administración Xeral do Estado (58,9% en 2014), seguida pola Administración Autonómica, co 17% (16,3% no ano anterior) e da licitación Local, co 15% (24,8% en 2014).

A provincia con maior volume de licitación segue sendo A Coruña ao acadar no ano 2015 un total de 493,2 millóns de euros, o 45,3% da licitación total de Galicia, seguida de Pontevedra con 353,2 millóns, o 32,4%. En relación ao ano anterior, cómpre destacar tanto o forte incremento rexistrado en Lugo, que triplica o valor total da licitación pública, como o feito de que Ourense sexa a única provincia que presenta un lixeiro descenso no importe da súa licitación, cunha caída do 1,5%.

No que atinxe á administración central, **cadro 3.2.26.**, o Ministerio de Fomento diminúe a súa licitación, que se sitúa en 331,4

Licitación pública en Galicia e España 2014-15: distribución segundo administracións

	2014		2015		15/14	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	517,2	6.274,4	446,8	4.296,1	-13,61	-31,53
Mº Fomento	451,7	4.798,3	331,4	2.884,1	-26,65	-39,89
Mº Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente	52,2	706,6	49,0	670,1	-6,04	-5,17
Resto Admón. Xeral	13,3	769,5	66,5	741,9	398,50	-3,59
Administración Autonómica	143,6	2.760,7	185,1	2.539,6	28,92	-8,01
Administración Local	218,4	4.042,5	163,0	2.559,4	-25,38	-36,69
Concellos	147,3	2.671,2	112,1	1.708,4	-23,88	-36,05
Outras Administracións	71,1	1.371,3	50,9	851,0	-28,48	-37,94

Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.2.26.

Licitación pública en Galicia e España 2014-15: distribución segundo tipo de obra

2014								
	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
Total	879,2	433,0	62,8	38,8	334,3	10,3	13.077,7	6,7
Edificación	207,6	86,9	26,5	16,5	77,7	0,1	3.292,1	6,3
Vivenda	1,9	-	-	1,7	0,2	-	327,6	0,6
Equip. Social	150,0	59,3	21,8	13,2	55,8	- 0,0	1.754,3	8,6
Resto edificación	55,7	27,6	4,7	1,5	21,8	0,1	1.210,2	4,6
Obra Civil	671,6	346,1	36,4	22,4	256,6	10,2	9.785,6	6,9
Transportes	498,1	240,2	29,9	1,6	216,5	10,0	6.370,1	7,8
Urbanizacións	106,8	68,2	5,7	6,7	26,1	-	1.613,9	6,6
Hidráulicas	60,8	32,4	0,6	14,0	13,4	0,3	1.546,7	3,9
Medio Ambiente	5,9	5,3	0,1	-	0,5	- 0,0	254,9	2,3

2015								
	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
Total	794,9	334,8	63,7	38,2	346,4	11,8	9.395,1	8,5
Edificación	192,0	70,0	26,7	11,2	84,1	0,0	2.981,1	6,4
Vivenda	2,0	0,9	-	-	1,1	-	211,6	0,9
Equip. Social	80,8	25,1	20,3	8,3	27,1	-	1.340,9	6,0
Resto edificación	109,3	44,0	6,4	3,0	56,0	0,0	1.428,5	7,7
Obra Civil	602,9	264,8	37,0	27,0	262,3	11,8	6.414,1	9,4
Transportes	449,3	195,0	20,3	14,6	207,6	11,8	3.854,9	11,7
Urbanizacións	73,4	29,6	8,6	4,1	31,2	- 0,0	1.096,0	6,7
Hidráulicas	68,8	32,2	6,8	7,5	22,2	-	1.222,9	5,6
Medio Ambiente	11,4	8,0	1,3	0,9	1,3	-	240,2	4,8

Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.2.27.

millóns de euros, 120,3 millóns menos que no ano precedente.

O descenso no valor da licitación da Administración Xeral do Estado (AXE), en Galicia, a nivel provincial rexístrase nas provincias de Ourense e Pontevedra, as que representan máis do 90% da licitación total da AXE en Galicia. Na provincia de Ourense redúcese a licitación da AXE un 14,6%, acadando os 219,4 millóns de euros no ano 2015. En Pontevedra a redución en relación ao ano anterior foi do 19,4%, licitándose 197,1 millóns de euros.

No que respecta á licitación pública por parte da Administración Autonómica, no ano 2015 increméntase o seu montante nun 28,9%, con 185,1 millóns de euros. Tal como acontecía no caso da AXE, as provincias de Ourense e Pontevedra rexistran o 78,5% do total licitado, sendo tamén as únicas onde se reduce a licitación autonómica no último ano.

A licitación pública das Administracións Locais en Galicia acadou no ano 2015 os 185,1 millóns de euros, un 25,4% menos que no ano anterior. A redución da licitación das Administracións Locais afecta ás catro provincias galegas, destacando as caídas por riba do 40% e do 30%, respectivamente, nas provincias de Ourense e A Coruña.

En canto a desagregación segundo obra, os datos recollidos no **cadro 3.2.27**. reflicten que, a diferenza do ano anterior, en Galicia diminúe a licitación en obra civil en case 69 millóns de euros, acadando os 602,9 millóns. Así mesmo, a licitación para edificación tamén redúcese no último ano, afectando esta caída de xeito especial á provincia de A Coruña.

● Datos de vivenda

Por problemas técnicos na elaboración das series estatísticas de vivendas, non dispo-

ñemos de datos para analizar a evolución do número de vivendas rematadas en Galicia no ano 2015.

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia acumulado a novembro de 2015 foi de 1.184 (774 edificios residenciais), cunha superficie de 504.000 metros cadrados (en edificación residencial, 279.000 metros cadrados). O número de vivendas a construír ata novembro de 2015 foi de 1.090.

Por outra banda, o número de licencias municipais para rehabilitación de vivendas foi de 1.143, sendo o número de licencias para demolición de edificios 166. A novembro de 2015, o número total de vivendas en rehabilitación foi de 303 e o de vivendas a demoler, de 232.

O devandito dinamismo do sector da construción e da demanda residencial en Galicia reflíctese tamén no feito de que en 2015 ráchase coa redución experimentada no número de visados de dirección de obra nova, rexistrándose unha medra de case o 21%. O **cadro 3.2.29**. sinala que dos 1.130 edificios visados no último ano, 949 corresponden a edificios para uso residencial (21% superior ao do ano anterior). Pola contra, mentres que a superficie total a construír descendeu un 8,3%, situándose nos 577,1 miles de metros cadrados, a dedicada a usos residenciais medrou nun 13,3%, acadando os 374,9 mil metros cadrados.

O orzamento de execución aumenta no último ano un 6,8% en relación ao ano precedente, acadando os 223,8 millóns de euros, dos que 155,6 millóns (17,3% máis que no ano anterior) corresponden a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 41 visados de dirección de obra nova no caso de servizos comerciais e almacéns, seis máis que en 2014. A pesar

Edificación e vivendas en Galicia e España 2014-15: principais indicadores ⁽¹⁾

	Galicia		España	
	2014	2015	2014	2015
Edificación de nova planta				
Edificios a construír	1.286	1.184	22.594	22.748
Residencial	819	774	15.009	15.270
Non residencial	467	410	7.585	7.478
<i>(en miles m²)</i>				
Superficie a construír	650	504	11.907	11.845
Residencial	296	279	6.951	6.866
Non residencial	354	225	4.956	4.979
Vivendas a construír	1.166	1.090	33.643	32.308
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.207	1.143	26.136	23.968
Vivendas creadas en rehabilitación	295	303	6.065	5.690
Obras de demolición				
Edificios a demoler	150	166	5.279	4.657
Vivendas a demoler	226	232	5.758	5.026
Total vivendas	1.235	1.161	33.950	32.972

(1) datos 2015 son acumulados ata novembro

Fonte: Ministerio de Fomento, *Licencias municipales de obras*

● **3.2.28.**

deste incremento a superficie total a construír descende un 68,1% e o seu orzamento de execución nun 58,9%, acadando un valor de nove millóns de euros.

Os visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial descendieron ata os 21 (un menos que en 2014) pero de xeito similar ao ano anterior, aumenta tanto a superficie a construír como o orzamento de execución. A superficie ascendeu ata os 29.200 metros cadrados (un 121,2% máis que no ano precedente) e o seu orzamento de execución ascendeu ata os 11,2 millóns de euros (un 14,1% superior).

No que respecta ás obras de ampliación, en 2015 concedéronse un total de 120 visados (25 máis que en 2014), dos que 74 corresponderon a vivendas. A superficie total a construír medrou ata os 47.156 metros cadrados, un 42,4% superior á do ano anterior, e o orzamento de execución o fixo ata os 19,4 millóns de euros (seis millóns e medio máis que o presupostado no exercicio precedente).

O número de visados de obras de reformas e/ou restauración aumenta ata os 1.390 visados concedidos (116 máis que en 2014), incrementándose o seu orzamento de execución ata os case 93 millóns de euros (un 23,6% superior ao do ano anterior).

Xunto ao devandito incremento do número de visados de obras, o número total de certificacións de fin de obra, é dicir, declaradas finalizadas e con conformidade, aumentou en Galicia ata as 1.112 certificacións, 25 máis que no ano 2014, o que representa o 3,8% das realizadas no conxunto do Estado (3,7% no ano anterior). O **cadro 3.2.30.** indica que o número total de edificios rematados aumentou un 3,7% para acadar os 1.165, dos que 1.159 corresponden a promotores privados e 6 a administracións públicas. Por contra, o número de vivendas rematadas descendeu ata as 1.136, máis dun 30% inferior ao do ano anterior.

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca o relacionado co número de hipotecas constituídas. Os datos

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2014-15: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
			(%)			(%)
Total edificios	935	1.130	20,9	16.573	21.223	28,1
Uso residencial	784	949	21,0	13.003	17.052	31,1
Servizos comerciais	35	41	17,1	1.217	1.335	9,7
Uso industrial	22	21	-4,5	306	349	14,1
Outros	94	119	26,6	2.047	2.487	21,5
			(en m ²)			
Superficie a construír	629.482	577.053	-8,3	10.070.731	13.884.102	37,9
Uso residencial	330.853	374.926	13,3	7.017.379	9.949.199	41,8
Servizos comerciais	109.666	34.978	-68,1	1.002.263	1.115.198	11,3
Uso industrial	29.155	64.494	121,2	424.801	573.245	34,9
Outros	159.808	102.655	-35,8	1.626.288	2.246.460	38,1
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	209.524	223.845	6,8	4.454.580	6.248.133	40,3
Uso residencial	132.682	155.579	17,3	3.284.290	4.751.542	44,7
Servizos comerciais	21.819	8.971	-58,9	309.020	369.255	19,5
Uso industrial	9.857	11.247	14,1	115.960	147.711	27,4
Outros	45.166	48.048	6,4	745.310	979.625	31,4
Obras de ampliación						
	Galicia			España		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
Total edificios	95	120	26,3	2.116	2.239	5,8
Vivendas	52	74	42,3	1.450	1.394	-3,9
Outros	43	46	7,0	666	845	26,9
			(en m ²)			
Superficie a construír	33.124	47.156	42,4	1.192.890	825.831	-30,8
Vivendas	7.705	15.504	101,2	226.802	254.222	12,1
Outros	25.419	31.652	24,5	966.088	571.609	-40,8
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	12.920,0	19.392,3	50,1	330.221,9	387.013,8	17,2
Vivendas	3.163,0	6.158,6	94,7	105.984,4	122.520,2	15,6
Outros	9.757,0	13.233,7	35,6	224.237,5	264.493,6	18,0
Obras de reforma e/ou restauración						
	Galicia			España		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
			(en m ²)			
Total edificios	1.274	1.390	9,1	28.068	31.285	11,5
Vivendas	1.008	1.057	4,9	22.413	25.288	12,8
Outros	266	333	25,2	5.655	5.997	6,0
			(en miles de euros)			
Presuposto de execución	75.178,5	92.886,4	23,6	1.590.321,6	2.078.238,3	30,7
Vivendas	54.633,0	56.452,8	3,3	822.201,9	1.126.738,9	37,0
Outros	20.545,5	36.433,6	77,3	768.119,7	951.499,4	23,9

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

3.2.29.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2014-15

	Galicia		España	
	2014	2015	2014	2015
Certificados de fin de obra	1.087	1.112	29.748	29.209
Edificios	1.123	1.165	32.121	106.672
Promotor privado	1.117	1.159	31.026	105.746
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	880	908	22.374	21.908
Sociedades mercantís	211	226	7.289	82.487
Cooperativas	2	3	217	214
Outros	24	22	1.146	1.137
Administracións públicas	6	6	1.095	926
Vivendas	1.627	1.136	46.822	45.152
Promotor privado	1.627	1.135	46.340	44.823
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	626	593	15.702	15.588
Valor de liquidación da execución material das obras (en millóns de euros)	210,2	191,0	6.512,7	6.245,1

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

● 3.2.30.

do INE amosan que no conxunto do ano 2015 aumenta tanto o número como o importe medio das hipotecas constituídas en Galicia. Na Comunidade Autónoma galega constituíronse 16.152 hipotecas urbanas, o que representa o 4,4% do total estatal, tres décimas menos que no ano anterior. O **cadro 3.2.31.** reflicte que as catro provincias galegas rexistran un incremento do número de hipotecas constituídas, correspondendo a Pontevedra a medra máis acusada en termos absolutos, con 474 hipotecas máis, e a Ourense a máis importante en termos relativos, cun 22,5%.

No concernente ao importe medio das hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, increméntase novamente o seu valor no ano 2015 ao acadar un valor de 114.000 euros, un 15,2% superior ao rexistrado en 2014. A diferenza do acontecido na Comunidade Autónoma, o importe medio das hipotecas urbanas constituídas no conxunto do Estado descende lixeiramente (-0,8%) ata os 129.200 euros.

Os datos facilitados polo INE reflicten que o único descenso no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de Lugo, cun 27,1% menos, fronte aos incrementos nas provincias de Pontevedra (35,7%), A Co-

ruña (15,4% menos) e Ourense (14,1% menos). Tras esta evolución, o importe medio máis elevado de Galicia corresponde á provincia de Pontevedra (126,8 miles de euros) e o máis reducido á de Lugo (100,4 miles de euros).

A forte caída do número de compravendas de vivendas experimentada en Galicia dende o ano 2010 fréase no último ano ao rexistrarse un incremento do 5,3%. Tras esta medra, sensiblemente inferior ao acontecido no conxunto do Estado (11,1%) realizáronse en Galicia un total de 12.568 transaccións segundo os datos presentados polo INE, o que supón un 3,5% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, cando todas as provincias galegas presentan unha redución das compravendas de vivendas, en 2015 esta caída tan só se produce en Lugo (-5,9%), rexistrándose o incremento máis significativo, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia de Pontevedra (357 transaccións máis, un 9,5%). En termos por habitante, Galicia realiza 558 transmisións por cada cen mil habitantes, a máis baixa de todas as CC.AA., ascendendo esta rateo ata os 963 de media en España.

O valor medio do Índice de Prezos da Vi-

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2014-15

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
	(en miles de euros)					
Galicia	14.981	16.152	7,8	98,9	114,0	15,2
A Coruña	7.282	7.666	5,3	94,0	108,5	15,4
Lugo	1.599	1.647	3,0	139,1	100,4	-27,9
Ourense	1.176	1.441	22,5	97,0	110,7	14,1
Pontevedra	4.924	5.398	9,6	93,5	126,8	35,7
España	315.535	369.588	17,1	130,2	129,2	-0,8
Galicia / España (%)	4,7	4,4		75,9	88,2	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.2.31.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2008-15

	Préstamos a máis de 3 anos			Préstamos entre 1 e 5 anos
	Entidades de crédito en España			Entidades de crédito zona Euro
	bancos	caixas de aforros	total	total
	(medias anuais)			
2008	5,780	5,921	5,857	
2009	3,151	3,653	3,439	
2010	2,508	2,972	2,770	
2011	3,259	3,498	3,383	
2012	3,282	3,613	3,416	
2013			3,353	3,093
2014			3,004	2,818
2015			2,212	2,374

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.2.32.


Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾

	Total	Galicia				España
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.935	5.126	1.914	1.163	3.763	318.830
2015	12.568	5.250	1.802	1.259	4.120	354.132
15/14	633	124	-112	96	357	35.302
15/08	-14.022	-6.404	-2.102	-1.820	-3.833	-197.948

(1) datos 2015 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.2.33.

VEB e emprego nos servizos 2008-2015 ⁽¹⁾

(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 10-03-2016)
 Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*. Base 2010

3.2.34.

venda no ano 2015 aumenta tanto en Galicia como no conxunto do Estado, sendo este incremento menos acusado na Comunidade Autónoma. Mentres que en España o índice de prezos da vivenda aumenta 2,3 puntos en relación ao ano anterior para situarse en 66,8 puntos (2007=100), en Galicia o seu incremento é dun punto, situándose o seu valor medio en 73,6. Este menor crecemento apréciase tanto no caso da vivenda nova como na de segunda man, medrando en Galicia 2,2 puntos no caso da vivenda nova (80,7 puntos) e sete décimas no da vivenda de segunda man (65,3 puntos en 2015), mentres que no conxunto do Estado, o índice aumenta tres puntos e medio no caso da vivenda nova e dous puntos no da vivenda de segunda man, acadando os 76,5 e 59,9 puntos, respectivamente.

Servizos

O sector terciario mantén no ano 2015 as taxas positivas de crecemento do VEB, cunha medra interanual do 2%. Ao igual que acontecía nos outros sectores, o segundo semestre do ano presenta un mellor comportamento, acadando no cuarto trimestre un incremento do 2,3%.


En termos monetarios, o valor engadido

bruto ascendeu a 34.801 millóns de euros, o 62,5% do PIB galego, máis de cinco puntos porcentuais e medio inferior á media estatal (68%). Os datos da Contabilidade rexional de España indican que Galicia xera o 4,7% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, o que a sitúa novamente como a sexta Comunidade con maior peso relativo, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

A devandita mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. As contas económicas indican que o traballo equivalente a tempo completo medra en Galicia un 2,2% no último ano, rexistrándose esta mesma tendencia en todas as actividades agás as financeiras e de seguros (-0,8%) e nos servizos non de mercado (-0,9%). As "actividades inmobiliarias" e as "actividades profesionais" son as que presentan as taxas de crecemento máis acusadas, cun 8% e 5,7%, respectivamente.

No concernente ao emprego, a EPA sinala que a medra da ocupación no sector ven explicada fundamentalmente polo incremento da poboación ocupada nos subsectores de educación, con 5.300 traballadores máis, de actividades sanitarias e de servizos sociais,

Comercio interior minorista 2007-15: índices de vendas e ocupación



Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.2.35.

con 3.500 ocupados máis, e en transporte e almacenamento e nas actividades profesionais, científicas e técnicas, con incrementos superiores aos 2.000 ocupados. Por contra, os descensos máis significativos foron os estimados nas ramas de actividade da hostalería e das actividades financeiras e de seguros, cunha redución de 2.900 e 2.100 ocupados en relación ao ano anterior. Tras unha medra do 1,4%, no ano 2015 están ocupados no sector servicios un total de 720.400 persoas, o que representa o 70,8% do emprego en Galicia (case o 85% entre as mulleres), salientando o subsector do comercio, con máis de 145.000 persoas, o 20,2% do emprego no sector, e o das actividades sanitarias e servizos sociais, con case 86.000 persoas (11,9%).

• Comercio

A actividade comercial está claramente influenciada pola evolución da demanda en xeral e do consumo privado en particular. En 2015 a demanda interna mantense como o motor de crecemento da economía galega dende o lado da demanda, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 2,8 puntos. No concernente ao gasto en consumo final dos fogares galegos, este aumenta no último ano un 2,3% fronte ao 0,5% no ano 2014.

Tras seis anos de descenso das vendas do comercio minorista (2008-2014), o volume de vendas aumenta de xeito significativo no ano 2015 ao presentar unha taxa de varia-

Comercio minorista en Galicia e España 2014-15: principais indicadores

	Empresas (1)			Locais (1)		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
Galicia	30.433	30.434	1	38.031	37.917	-114
España	469.817	469.938	121	583.908	583.796	-112

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 31 de decembro de cada ano)

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad

● 3.2.36.

ción interanual do 4,5%, case un punto superior á do conxunto do Estado. Nembargantes, como se aprecia no **cadro 3.2.35**, esta evolución positiva do índice xeral de vendas polo miúdo non se traslada totalmente ao mercado de traballo xa que o índice de ocupación medra un 0,8% en relación á media do ano anterior, sendo esta porcentaxe inferior á media española.

O número de establecementos de comercio ao retallo a 1 de xaneiro de 2015 descendía en Galicia ata os 37.917, o que supón unha redución de 114 establecementos en relación á mesma data do ano anterior. Ao longo dos últimos cinco anos, o número de locais de comercio ao retallo descendeu en Galicia un 3,9% (máis de 1.500 locais menos que en 2011), porcentaxe lixeiramente superior á media española (3,7%).

O número de empresas de comercio ao retallo existentes nesa mesma data permanece practicamente constante, acadando as 31.434 empresas. O seu peso relativo no total estatal mantense no 6,5%.

Finalmente cómpre destacar que, en termos de emprego, no ano 2015 confirmase a recuperación deste subsector ao rexistrarse unha medra de 1.336 afiliacións (1,3%) entre o 31 de decembro de 2014 e 2015 no caso do comercio ao retallo, agás vehículos de motor, sendo esta medra superior ás 700 afiliacións (0,6%) nas actividades de comercio por xunto e intermediarios de comercio. Tras esta evolución, a ocupación nestes sub-

sectores ascende a 105.644 e 46.163 afiliacións, respectivamente.

● Turismo

O sector turístico volve a presentar en 2015 un bo comportamento atendendo á evolución do número de viaxeiros e pernoitas nos establecementos hoteleiros así como no que se refire ao seu grao de ocupación. O número de viaxeiros superou no último ano a barreira dos catro millóns, en tanto que o número de pernoitas ascende ata as case 7,6 millóns, de xeito que o grado de ocupación situouse no 32%. Non obstante, continúa o descenso da estadia media nestes establecementos, que no conxunto do ano foi de 1,88 días de media.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros ascendeu en Galicia ata os 4.079.544 (case 432.000 persoas máis que en 2014), o que representa o 4,4% dos viaxeiros no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, o incremento do 11,8% ven influenciado por unha maior demanda de viaxeiros estranxeiros que dos residentes no estado español (18,2% e 9,5%, respectivamente). Esta medra no número de viaxeiros en Galicia é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6%), por mor tanto da mellor evolución experimentada no caso dos viaxeiros españois como dos estranxeiros, que aumentan en España un 6,1% e 5,8%, respectivamente. Por mor deste comportamento redúcese lixeiramente o elevado peso relativo dos viaxeiros de na-

Grao de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾

	Galicia			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2008	34,0	56,6	21,9	2,21
2009	32,4	56,2	19,4	2,19
2010	34,1	59,6	17,9	2,15
2011	29,8	53,3	17,2	2,14
2012	28,5	50,9	15,3	2,07
2013	29,6	54,4	15,8	2,00
2014	30,9	56,1	16,1	1,95
2015	32,0	60,6	16,4	1,88

	España			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2008	52,0	71,9	36,4	3,24
2009	49,3	67,6	34,9	3,25
2010	49,3	70,1	34,4	3,26
2011	53,5	72,6	36,3	3,36
2012	52,1	70,2	36,6	3,38
2013	53,0	71,9	35,8	3,41
2014	54,7	73,8	38,4	3,36
2015	55,2	76,7	40,5	3,31

(1) datos 2015 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.2.37.

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2014-15 ⁽¹⁾


2014							
	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.647.571	2.669.106	978.464	7.096.620	5.510.099	1.586.521	1,95
A Coruña	1.693.068	1.105.852	587.215	3.174.157	2.219.416	954.741	1,87
Lugo	635.684	454.301	181.383	946.434	731.730	214.704	1,49
Ourense	262.772	239.109	23.663	500.052	449.908	50.144	1,90
Pontevedra	1.056.047	869.844	186.203	2.475.977	2.109.045	366.932	2,34
España	87.814.529	44.682.747	43.131.783	295.260.630	104.729.889	190.530.741	3,36
2015							
	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.079.544	2.922.998	1.156.546	7.686.141	5.872.200	1.813.941	1,88
A Coruña	1.933.034	1.210.403	722.631	3.405.256	2.278.296	1.126.960	1,76
Lugo	709.130	505.541	203.589	1.021.243	788.454	232.789	1,44
Ourense	286.370	258.623	27.747	541.735	484.506	57.229	1,89
Pontevedra	1.151.010	948.431	202.579	2.717.907	2.320.944	396.963	2,36
España	93.081.001	47.427.184	45.653.817	308.186.514	110.272.041	197.914.473	3,31

(1) datos 2015 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.2.38.

Viaxeiros e pernoctacións 2008-15: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2014 son provisionais
 Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.2.39.

cionalidade española, que representan o 71,7% do total, case 21 puntos por riba da media estatal.

A provincia de A Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 1.933.034 turistas, superando a Pontevedra, con 1.151.010 viaxeiros. Asemade, o devandito comportamento positivo do sector reflíctese tamén no feito de que todas as provincias galegas presentan unha medra no número de viaxeiros como de pernoitas nos seus establecementos, rexistrándose esta evolución tanto no caso dos residentes en España como no estranxeiro. En relación ao ano anterior, A Coruña rexistra o maior incremento en termos absolutos e relativos, con case 240.000 viaxeiros máis (14,2%), sendo esta meda do 11,6% (73.446 persoas) en Lugo e do 9% (94.963 persoas) en Pontevedra. Como se desprende do **cadro 3.2.38.**, a provincia de Ourense volve a presentar o menor incremento, con 24.000 viaxeiros máis, o que supón un 9% máis que en 2014.

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2014 prodúcese, tanto en Galicia como en España, un aumento paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do

último ano, estas últimas experimentaron en Galicia unha mellora do 8,3% respecto aos datos do ano precedente, acadando as 7.686.141 pernoitas. Ao igual que acontece co número de viaxeiros, o devandito incremento a nivel galego é superior á medra estatal, que se sitúa no 4,4%.

A evolución do número de viaxeiros e de pernoitas explica a lixeira redución da estadía media nos establecementos hoteleiros galegos, que se sitúa en 1,88 días (3,31 días no conxunto do Estado). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros desce ata os 1,57 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España (2,01 días). Como se reflicte no devandito **cadro 3.2.38.**, a estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,34 días e a dos viaxeiros españois, de 2,33 días. As catro provincias galegas presentan unha estadía media moi inferior á do conxunto do Estado, se ben no caso dos residentes en España a estadía media na provincia de Pontevedra é superior á estatal (2,45 fronte a 2,33 en España).

Xunto co devandito elevado peso relativo do turismo estatal, outra das debilidades que

Turismo rural en Galicia e España 2014-15 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2014		2015		15/14	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	156.992	2.822.946	189.683	3.222.267	32.691	399.321
residentes en España	123.370	2.356.659	146.108	2.685.551	22.738	328.892
residentes no estranxeiro	33.622	466.287	43.575	536.716	9.953	70.429
Pernoitas	308.287	7.750.575	357.759	8.746.210	49.472	995.635
residentes en España	251.254	5.817.488	287.666	6.620.289	36.412	802.801
residentes no estranxeiro	57.033	1.933.087	70.093	2.125.921	13.060	192.834
Grao de ocupación por praza	(%)					
media	13,1	14,9	15,5	16,6		
fin de semana	20,4	26,1	24,2	29,5		
Estadía media (en días)	1,96	2,75	1,89	2,71		

(1) datos 2015 son provisionales

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

● 3.2.40.

caracterizan o sector é a súa alta estacionalidade. Así, o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 60,6%, case corenta e cinco puntos por riba do rexistrado en xaneiro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 76,7% en agosto e o 40,5% no mes de xaneiro. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza sitúase no 32%, 2,6 puntos porcentuais superior ao do ano anterior, aínda que lonxe da media estatal, que foi do 55,2%.

Tras catro anos de caída do índice de prezos hoteleiros (IPH) en Galicia, este presenta no ano 2015 unha taxa de variación interanual positiva do 2,9% (-0,9% no ano precedente). Todas as CC.AA. presentan unha medra deste índice de prezos, sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 4,6%, máis de tres puntos superior ao rexistrado en 2014.

En canto á rendibilidade do sector hoteleiro, a mellora da ocupación en Galicia tradúcese nunha medra do 14,7% do ingreso medio diario por habitación dispoñible, que ascende ata os 20,7 euros. Esta medra é 3,6 puntos superior ao do conxunto do Estado, o que a sitúa como a cuarta Comunidade

Autónoma co incremento máis elevado, tras Cantabria (20,5%), Asturias (15,1%) e Navarra (15%). A facturación media diaria por cada habitación ocupada ascendeu no último exercicio ata os 55,3 euros, o que supón un incremento do 4,4%. A diferenza do acontecido no caso da rendibilidade, o incremento é punto e medio inferior á de España, onde a súa facturación é de 78,7 euros.

A *Encuesta do clima turístico* de Exceltur reflicte un elevado grado de optimismo sobre o futuro do sector xa que o 97,2% dos empresarios galegos do sector esperan un incremento dos seus resultados (90,2% en España), e máis dun 94% das súas vendas (90,7% no conxunto do Estado).

No que ao turismo extrahoteleiro se refire, cómpre salientar a importancia do turismo rural. O último ano tamén pode considerarse como un ano moi positivo para este tipo de turismo atendendo á evolución experimentada polo número de viaxeiros e pernoitas. Segundo se reflicte no **cadro 3.2.40.**, o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural presenta unha medra superior ao 20% en relación ao ano anterior, acadando as 189.683 persoas,

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2014-15

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	101.998,2	97.592,6	-4,3	60.218,0	60.322,0	0,2
Ferrocarril (2)	2.211,2	2.473,2	11,8	664,6	686,8	3,3
Marítimo (3)	32.019,4	33.502,2	4,6	345,7	368,2	6,5
Marítimo (4)	2.025,2	1.603,0	-20,8	1.414,0	1.225,7	-13,3
Aéreo	2,6	3,0	15,3	3.753,1	4.035,5	7,5

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

● 3.2.41.

en tanto que o número de pernoitas ascende a 357.759, un 16% superior ás pernoitas de 2014. O mellor comportamento galego en comparación coa media española provoca unha medra da súa importancia relativa no total estatal que se sitúa no 5,9% no caso dos viaxeiros (8,1% no caso dos residentes no estranxeiro), situándose no 4,1% no das pernoitas (3,3% nos estranxeiros).

Ao igual que se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española (77%) se ben no último ano rexístrase un forte incremento dos viaxeiros estranxeiros, cunha medra próxima ao 30%. Case a metade dos viaxeiros residentes proceden de dentro da Comunidade (49,6%), seguidos novamente polos procedentes de Madrid (17,1% do total) e Cataluña (6,3% do total).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural continuou mellorando en 2015 ata situarse en Galicia no 15,5%, case dous puntos e medio superior á do ano anterior, sendo non obstante inferior á rexistrada de media en España (16,6%). Na fin de semana o grao de ocupación por plaza ascende ata o 24,2% na Comunidade Autónoma e ata o 29,5% no conxunto do Estado. A estadía media nos establecementos galegos si-

tuouse en 1,89 días, fronte aos 2,71 da media estatal.

● Transporte

A estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

No concernente ao movemento de mercadorías transportadas por estrada, Galicia rexistra en 2015 un descenso do 4,3% do volume total respecto ao ano anterior, acadando as 97,6 millóns de toneladas, o que representa o 6,3% do total estatal (7,1% en 2014). Como amosa o **cadro 3.2.42.**, ademais de Galicia tan só Estremadura e o País Vasco experimentan un descenso da importancia deste tipo de transporte en termos de volume, mentres que o incremento no conxunto do Estado foi superior ao 7%. En 2015 aumenta o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego, que acada o 23,6% (2,5 puntos máis que en 2014), a diferenza do que acontece no caso do comercio interrexional, que representa o 72,8% (case o 58% en España) e do comercio internacional, supón o 3,5% do total do transporte interior por estrada en Galicia, catro décimas menos que no Estado.

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2014-15 ⁽¹⁾

	2014				2015				15/14
	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	
Andalucía	183.219	73,9	22,7	3,4	191.655	73,5	22,9	3,7	4,6
Aragón	74.699	40,7	53,9	5,4	88.091	45,2	50,7	4,1	17,9
Asturias	43.792	61,2	37,3	1,4	44.647	61,1	37,5	1,4	2,0
Baleares	18.038	84,9	14,9	0,2	18.540	85,6	14,2	0,2	2,8
Canarias	33.674	100,0	-	-	34.271	99,9	0,1	-	1,8
Cantabria	33.577	52,9	44,1	2,9	33.617	47,1	50,3	2,6	0,1
Castela-A Mancha	96.148	41,4	55,9	2,7	107.712	41,9	55,8	2,4	12,0
Castela e León	128.871	57,3	40,5	2,3	137.744	54,4	43,4	2,2	6,9
Cataluña	220.170	67,0	25,9	7,1	237.626	66,1	26,7	7,2	7,9
C. Valenciana	174.727	58,4	37,7	3,9	189.478	59,0	37,0	4,0	8,4
Extremadura	35.024	60,2	36,0	3,9	33.444	54,1	41,8	4,0	-4,5
Galicia	101.998	75,1	21,1	3,7	97.593	72,8	23,6	3,5	-4,3
Madrid	93.484	37,5	59,1	3,4	108.860	40,0	57,3	2,8	16,4
Murcia	57.724	45,6	48,6	5,8	63.889	47,5	46,4	6,1	10,7
Navarra	35.421	39,9	54,1	6,0	46.727	38,9	55,4	5,8	31,9
Pais Vasco	94.875	52,9	41,4	5,6	91.024	45,2	48,8	6,1	-4,1
A Ríoxa	15.634	28,1	69,8	2,1	19.016	30,3	68,2	1,5	21,6
Ceuta e Melilla	952	81,2	18,7	0,1	1.136	88,7	9,3	1,9	
Total	1.442.026	59,0	36,9	4,1	1.545.071	57,7	38,2	4,1	7,1

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte de mercancías por carretera*

● 3.2.42.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo, que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia. Tras unha medra do 4,6% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 33.502,2 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal), situándose en 2015 a autoridade portuaria de A Coruña como a de maior movemento, ao acoller case o 40% do tráfico total de mercadorías (13.365,5 miles de toneladas), seguido por Ferrol-San Cibrao, cun 38,1% (12.777,8 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Ferrol-San Cibrao, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o de A Coruña, cunha medra de case 1,4 millóns de toneladas influenciado en gran medida polo comportamento dos graneis líquidos. En termos relativos, a medra máis

importante tamén corresponde a A Coruña, cun 11,7%, seguido polo de Marín, cun 10,7%.

En termos de volume, o movemento máis importante corresponde aos graneis sólidos, con 16.326,5 miles de toneladas, un 6,9% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 60,3% (máis de 9,8 millóns de toneladas) e o de A Coruña, un 29,4% (4,8 millóns de toneladas). Como reflicte o **cadro 3.2.43.**, séguelle en importancia o transporte de graneis líquidos, que tras un incremento do 7,6%, acada os 9.801,2 miles de toneladas, das que máis das tres cuartas partes (case 7,5 millóns de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

A pesar de que o movemento de pesca fresca descende ata as 120.359 toneladas, un 13% menos que no ano anterior, Galicia centraliza o 58,8% das descargas xestionadas no conxunto dos portos de interese xeral estatais. Entre os portos galegos cómpre mencionar a importancia do porto de

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2014-15

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
	(en tm.)					
Total	9.105.293	9.801.204	15.278.838	16.326.461	6.923.171	6.919.669
A Coruña	6.255.865	7.461.303	4.308.361	4.807.720	1.043.494	903.983
Ferrol-San Cibrao	2.658.935	2.194.477	9.498.617	9.839.875	888.294	725.213
Marín	-	-	853.972	996.559	1.051.884	1.113.805
Vigo	64.648	54.594	294.841	278.868	3.405.114	3.646.148
Vilagarcía	125.845	90.830	323.047	403.439	534.385	530.520
Total Portos do Estado	159.459.287	167.136.733	88.795.292	95.803.142	215.945.349	223.425.190
Galicia / España (%)	5,7	5,9	17,2	17,0	3,2	3,1

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
	(en tm.)					
Total	138.339	120.359	573.788	334.463	32.019.429	33.502.156
A Coruña	56.272	40.459	305.820	151.628	11.969.812	13.365.093
Ferrol-San Cibrao	276	284	37.423	17.962	13.083.545	12.777.811
Marín	1.821	1.799	11.531	13.280	1.919.208	2.125.443
Vigo	79.970	77.817	213.506	146.978	4.058.079	4.204.405
Vilagarcía	-	-	5.508	4.615	988.785	1.029.404
Total Portos do Estado	239.999	204.703	12.319.235	11.871.059	476.759.162	498.440.827
Galicia / España (%)	57,6	58,8	4,7	2,8	6,7	6,7

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte marítimo*

● **3.2.43.**

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2014-15

	2014		2015		15/14
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	2.025.184,8		1.603.013,9		-20,85
Cariño	447.889,6	22,1	495.809,0	30,9	10,70
Ribadeo	567.593,4	28,0	475.291,7	29,6	-16,26
Brens-Cee	477.001,2	23,6	345.027,0	21,5	-27,67
Pobra do Caramiñal	128.966,0	6,4	128.983,0	8,0	0,01
Celeiro	118.824,2	5,9	115.132,2	7,2	-3,11
Ribeira	36.096,0	1,8	33.489,0	2,1	-7,22
Laxe	20.188,0	1,0	7.347,0	0,5	-63,61
Burela	227.673,5	11,2	1.440,0	0,1	-99,37
Outros (1)	953,0	0,0	495,0	0,0	-48,06

(1) Outros portos con tráfico comercial esporádico: Pontecesures, Portonovo e Canido.

Fonte: Portos de Galicia

● **3.2.44.**

Vigo ao mover en torno ao 65% das descargas de pesca fresca.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no ano 2015 volve a reducirse o volume de mercadorías movidas neses portos, que se sitúa en 1.603 miles de toneladas, un 20,8% menos que no ano anterior. O porto de Cariño, tras un incremento

do 10,7% respecto ao ano precedente, si-tuáase como o porto máis importante en termos de volume, con 495,8 miles de toneladas, seguido do porto de Ribadeo, con 475,3 miles de toneladas, e Brens-Cee, con 345. Estes tres portos concentran o 82,1% do volume total de mercadorías, case 8,5 puntos por riba do rexistrado en 2014.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2014-15

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)
Total	858.715	1.355.572	57,9	345.665	368.172	6,5
A Coruña	116	-	-100,0	129.597	140.444	8,4
Ferrol-San Cibrao	6.896	8.791	27,5	39.017	21.559	-44,7
Marín	140.426	147.694	5,2	-	-	-
Vigo	709.912	1.197.390	68,7	176.019	204.979	16,5
Vilagarcía	1.365	1.697	24,3	1.032	1.190	15,3
Total Portos do Estado	21.620.030	21.518.112	-0,5	7.711.411	8.436.262	9,4
Galicia / España (%)	4,0	6,3		4,5	4,4	

Fuente: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

● 3.2.45.

Tan só o porto de Cariño presenta un incremento no movemento de mercadorías en relación ao ano anterior (47,9 miles de toneladas máis), permanecendo practicamente constante no caso do porto da Pobra do Caramiñal. Por contra, o **cadro 3.2.44.** reflicte que o porto de Burela, por mor de que non se embarca ningunha tonelada de madeira en bruto e a forte redución do caolín, é o que presenta o maior descenso con 226,3 miles de toneladas menos (-99,4%). Asemade, cómpre destacar as caídas nos portos de Cee, influenciado pola merma de mineral de manganese e madeira en bruto, cun descenso de 132 miles de toneladas, e no de Ribadeo, onde o menor tráfico de madeira en bruto e pasta de papel explica en gran parte a redución de 92,3 miles de toneladas.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado en 2015 no sistema aeroportuario galego aumenta nun 15,3% respecto ao ano anterior, acadando un total de 2.988,6 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.46.**, o aeroporto de Santiago move un total de 2.311,3 toneladas, máis do 77% do total, mentres que os aeroportos de Vigo e A Coruña, tras os seus incrementos de 2015, moven un total de 536,5 toneladas (18% do total galego) e 140,7 toneladas (4%), respectivamente.

O tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia (**cadro 3.2.47.**) foi de case 2,5 millóns de toneladas, o que representa o 13,5% do total do Estado. A nivel provincial, A Coruña, con 1,8 millóns de toneladas, representa o 73,5% do tráfico ferroviario de mercadorías total galego e o 10% do total estatal.

En relación ao transporte de pasaxeiros en ferrocarril, tras unha medra interanual de case o 10% o número de persoas subidas nas estacións galegas supera en 2015 os catro millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 11,4%, acadando os 3,3 millóns de persoas, mentres que os de longa distancia o fai a un ritmo do 3,3%, situándose en 686.824 viaxeiros.

A provincia de A Coruña acolle o 57,8% dos viaxeiros de media distancia convencional (1.913.886 persoas), seguida pola provincia de Pontevedra, co 34,3% do total (1.138.031 viaxeiros). No que respecta á longa distancia, as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións son a provincia de A Coruña, con 283.232 persoas (41,2%), e a de Ourense, con 191.301 viaxeiros (27,9%).

No concernente ao transporte marítimo, no ano 2015 o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral aumentou no caso dos cru-

Tráfico comercial aéreo 2014-15 ⁽¹⁾

Operacións			
	2014	2015	15/14
Aeropertos galegos	44.156	44.802	1,5
A Coruña	14.811	14.682	-0,9
Santiago	19.431	20.540	5,7
Vigo	9.914	9.580	-3,4
Total España	1.832.711	1.902.694	3,8
Galicia / España (%)	2,4	2,4	
Pasaxeiros			
	2014	2015	15/14
Aeropertos galegos	3.753.094	4.035.499	7,5
A Coruña	988.834	1.025.688	3,7
Santiago	2.083.873	2.296.248	10,2
Vigo	680.387	713.563	4,9
Total España	195.861.278	207.414.141	5,9
Galicia / España (%)	1,9	1,9	
Mercadorías			
	2014	2015	15/14
	(en Kg.)		(%)
Aeropertos galegos	2.591.991	2.988.584	15,3
A Coruña	60.824	140.669	131,3
Santiago	2.095.449	2.311.393	10,3
Vigo	435.718	536.522	23,1
Total España	685.209.274	715.011.286	4,3
Galicia / España (%)	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

● **3.2.46.**

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2014-15 ⁽¹⁾

	2014			2015			15/14	
	Viaxeiros	Longa distancia	Mercadorías	Viaxeiros	Longa distancia	Mercadorías	Viaxeiros	Mercadorías
	Media distancia		(en tm.)	Media distancia		(en tm.)	Media distancia	Longa distancia (%)
Galicia	2.974.693	664.578	2.211.246	3.313.894	686.824	2.473.155	11,4	3,3
A Coruña	1.725.042	270.449	1.621.832	1.913.886	283.232	1.817.744	10,9	4,7
Lugo	36.426	61.558	63.625	35.853	64.124	42.596	-1,6	4,2
Ourense	216.744	183.609	91.883	226.124	191.301	86.510	4,3	4,2
Pontevedra	996.481	148.963	433.905	1.138.031	148.167	526.305	14,2	-0,5
España	29.602.624	29.607.463	18.834.670	30.360.439	30.780.299	18.274.161	2,6	4,0

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
 Fonte: Renfe Operadora

● **3.2.47.**

Entidades de crédito en Galicia e España 2009-15 ⁽¹⁾: oficinas, depósitos do sector privado e créditos

Oficinas				Depósitos (2)				Créditos		
				Galicia						
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España		Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
(en millóns de euros)										
2009	2.395	19	1	50.819,6	8.618,9	13.848,7	28.352,0	71.282,7	1.791,1	69.491,6
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,2	3.060,9	51.960,3
2013	1.834	9	1	53.892,9	8.555,3	15.432,0	29.905,6	50.285,0	2.710,0	47.575,0
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
2015	1.710	9	1	55.400,7	11.320,1	18.858,6	25.222,0	43.020,4	2.805,4	40.215,0
				España						
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España		Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
(en millóns de euros)										
2009	44.085	345	23	1.142.012,5	265.612,8	207.850,1	668.549,6	1.837.760,8	61.227,7	1.776.533,1
2010	42.894	270	23	1.148.252,9	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.656,0	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.633.834,0	96.890,4	1.536.943,6
2013	33.527	186	16	1.134.914,2	290.344,1	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.886,9	94.693,6	1.328.193,3
2015	31.176	180	16	1.135.720,0	395.586,0	254.288,0	485.846,0	1.360.360,9	85.708,6	1.274.652,3

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fuente: IGE

3.2.48.

ceiros nun 6,5% para situarse nas 368.172 persoas, o 4,4% do total estatal. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo (68,7%) explica a medra de case o 58% en Galicia (**cadro 3.2.45.**).

No que atinxe ao transporte aéreo no conxunto do sistema aeroportuario galego cómpre resaltar que en 2015 mantense a tendencia ascendente retomada no ano anterior, experimentándose incrementos superiores ao do total dos aeroportos españois no caso do número total de pasaxeiros e do volume de mercadorías movidas.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos aumenta un 1,5% respecto ao ano precedente, rexistrándose esta medra tan só no aeroporto de Santiago de Compostela (5,7%). Por contra, o aeroporto de Vigo presenta un descenso do 3,4% respecto ás ope-

racións rexistradas no ano anterior e o de A Coruña, do 0,9%. Os datos recollidos no **cadro 3.2.46.** amosan o predominio do aeroporto de Santiago, que acolle o 45,8% das operacións (20.540 movementos), seguido do aeroporto de A Coruña, co 32,8% (14.682 operacións) e Vigo, co 21,4% (9.580). Comparando co total do Estado, Galicia acolle o 2,4% do total de operacións.

O devandita evolución do número de operacións tradúcese nunha medra do número de pasaxeiros no sistema aeroportuario galego do 7,5%, superando deste xeito os catro millóns de persoas en 2015 (1,9% do total estatal). O devandito incremento rexístrase de maneira desigual nos tres aeroportos, sendo Santiago o de maior crecemento, cun 10,2%, máis do dobre do experimentado en Vigo (4,9%), en tanto que en A Coruña a medra foi do 3,7%. Lavacolla segue sendo o que acolle o maior número de viaxeiros,


Oficinas das entidades de crédito ⁽¹⁾

	2008	2013	2014	2015
A Coruña	994	747	705	698
A Coruña	306	210	196	
Ferrol	60	42	41	
Santiago de Compostela	113	85	80	
resto de concellos	515	410	388	
Lugo	336	273	261	257
Lugo	89	65	62	
resto de concellos	247	208	199	
Ourense	375	242	224	222
Ourense	123	84	78	
resto de concellos	252	158	146	
Pontevedra	829	582	547	543
Pontevedra	89	60	56	
Vigo	317	219	205	
resto de concellos	423	303	286	
Total	2.534	1.844	1.737	1.720

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE

● 3.2.49.

Créditos en Galicia e España 2008-15



Fonte: IGE

● 3.2.50.

Créditos a otros sectores residentes en España 2008-15: distribución segundo finalidades

Crédito total								
Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares					ISFLSH (1)	Sen clasificar
		Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto			
		(en millóns de euros)						
2008	1.869.882	1.018.048	819.412	655.145	54.176	110.092	6.091	26.331
2009	1.837.038	999.570	813.939	654.566	49.273	110.101	5.523	18.006
2010	1.843.952	1.012.916	812.781	662.798	42.068	107.916	6.096	12.159
2011	1.782.555	970.773	793.430	656.452	37.686	99.292	7.000	11.352
2012	1.604.960	829.788	755.689	633.138	32.904	89.647	6.976	12.507
2013	1.448.244	719.180	714.984	604.395	25.910	84.679	6.299	7.781
2014	1.380.218	674.082	689.963	579.793	29.022	81.148	5.962	10.211
2015	1.349.715	659.136	673.230	561.894	30.814	80.521	5.864	11.486

Crédito dudoso								
Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar	
		Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto			
		(en millóns de euros)						
2008	63.083	37.293	24.346	15.580	2.873	5.893	49	1.395
2009	93.329	61.913	29.931	18.879	3.755	7.297	54	1.431
2010	107.199	79.719	25.982	16.038	2.844	7.100	109	1.389
2011	139.761	109.899	28.650	19.101	2.183	7.366	191	1.021
2012	167.470	128.415	37.029	25.321	2.019	9.689	393	1.633
2013	197.198	146.051	49.424	36.182	1.771	11.471	377	1.346
2014	172.603	124.607	46.784	34.236	1.645	10.903	284	928
2015	148.165	105.437	40.604	29.625	1.454	9.526	316	1.808

(1) ISFLSH: Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares
Fonte: Banco de España

3.2.51.

Créditos a otros sectores residentes para o financiamento de actividades productivas en España 2008-15: distribución segundo sector

Crédito total					
Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos	
(en millóns de euros)					
2008	1.018.049	26.244	156.141	151.848	683.816
2009	999.569	23.123	152.199	130.438	693.809
2010	1.012.916	23.128	152.376	114.519	722.893
2011	970.772	21.782	143.246	98.546	707.198
2012	829.789	20.217	131.109	76.217	602.246
2013	719.180	18.448	115.465	60.154	525.113
2014	674.082	17.693	112.268	49.770	494.351
2015	659.136	17.869	109.928	45.884	485.456

Crédito dudoso					
Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos	
(en millóns de euros)					
2008	37.293	582	3.225	7.461	26.025
2009	61.913	785	6.222	11.069	43.837
2010	79.718	1.000	6.697	13.888	58.133
2011	109.899	1.420	7.930	17.981	82.568
2012	128.414	1.853	11.944	19.693	94.924
2013	146.052	2.511	15.151	20.617	107.773
2014	124.607	2.171	14.354	16.235	91.847
2015	105.437	1.964	12.900	13.913	76.661

Fonte: Banco de España

3.2.52.

con case 2.300.000 persoas (o 56,9% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Alvedro, que supera o millón de pasaxeiros (25,4%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con case 715.000 viaxeiros (17,7% do total galego).

como o descenso, no ano 2015, seguindo a tendencia iniciada no ano anterior, dos créditos de dubidoso cobro destinados a financiamento de actividades produtivas. □

● Sector financeiro

No ano 2015 continúa a redución do número de oficinas bancarias, que en Galicia ascende 1.710 oficinas de entidades de crédito, 17 menos que no ano anterior. En termos relativos, o descenso respecto ao ano anterior foi do 1%, porcentaxe lixeiramente menor á do conxunto do Estado, cunha caída do 1,4% (**cadro 3.2.48.**). No ano 2015, todas as provincias galegas reducen o número de oficinas de entidades de crédito.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra moi lixeira fronte ao descenso no conxunto do Estado. Tras unha medra do 0,1%, o volume de depósitos ascendeu ata os 55.400,7 millóns de euros, o 5% do total estatal. O aumento no volume dos depósitos afecta tanto aos depósitos á vista como aos depósitos de aforo, descendendo no caso dos depósitos a prazo.

Finalmente, continúa o descenso do valor dos créditos totais concedidos polas entidades en Galicia, que se sitúa nos 43.020,4 millóns de euros, un 4,2% inferior ao rexistrado no ano 2014 (-4,4% en España). No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia caen os créditos concedidos ás Administracións públicas (6,8% menos que no ano anterior) e diminúen tamén os concedidos aos restantes sectores residentes (-4%).

A nivel estatal os datos de distribución de crédito por finalidades mostran o continuo descenso dos créditos destinados ao financiamento de actividades produtivas así